

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE XUÑO**

### **DE 2012**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de xuño de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; dona María Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, don Óscar Alfonso García Patiño, de UxC.

Asisten dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Proposta de aprobación do expediente n.º 1/2012 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data do día 22 de xuño de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, de data 26 de xuño de 2012.

Cando son as vinte horas e dez minutos incorpórase á sesión dona Margarita Iglesias Pais.

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira delegada de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, explica que se trata dun recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 13.355 euros, os cales se corresponden a facturas que non puideron ser imputadas ao ano natural correspondente por ser

presentadas nos servizos económicos no ano 2012, e que, polo tanto, precisan ser aprobadas en pleno para poder pagar aos acreedores.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PsdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise a abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández, voceiro suplente de UxC, manifesta que o seu grupo tamén se vai abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai votar en contra. Efectivamente, hai unha serie de facturas, onde a maioría son da SGAE, pero tamén observan outras facturas dalgúns obras que se fixeron no concello, e están convencidos de que a xente que fixo eses traballos para o concello teñen dereito a cobrar.

Continúa a dicir que non están de acordo con que no medio desas facturas, que son bastantes, haxa unha factura de tres bonos do Real Club Deportivo da Coruña que se están a utilizar, segundo manifestacións do Sr. alcalde, por membros do goberno para ir ao fútbol. O grupo de EU considera que para ir ao fútbol cada un debe pagar a súa entrada, e eles non van contribuír a que co diñeiro que se debe empregar en beneficio dos veciños, ninguén desta Corporación vaia ao fútbol gratis. Por conseguinte, o grupo de EU vai votar en contra.

Concedida a palabra a dona María Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que se vai abster.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica para que conste en acta, que os bonos do Real Club Deportivo páganse porque a cambio o Real Club Deportivo dálle entradas ao concello para que vaian os alumnos dos colexios e das escolas deportivas de Cambre. Non hai ningunha intención de que vaian os membros do goberno aos partidos de fútbol. Cada semana o Real Club Deportivo a cambio deses abonos dálle ao concello cincuenta entradas para que asistan os nenos de Cambre. Dille a don Luis Miguel Taibo Casás que iso xa o debería de saber, posto que eses abonos páganse dende hai bastantes anos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, o sentido de adquirir eses bonos é que as escolas deportivas de Cambre asistan a determinados partidos de fútbol, pero que xa lles contestaron nun pleno pasado que, a tempada pasada, foron a un só partido, e con independencia, e a pesar da ignorancia da que falou o Sr. Andreu, o Sr. alcalde declarou que utilizaban os bonos para ir o goberno, que estaban a disposición do goberno para ir ao fútbol, dixo claramente iso e así constará en acta, que o goberno utilizaba os bonos para ir ao fútbol. Son palabras do Sr.

alcalde, el non está dicindo nada que non dixera o Sr. alcalde. Dixo que os utilizaba el, que el mesmo tiña ido ao fútbol, e que tamén llos pedira, cre que foi o concelleiro de Deportes, para ir a algún partido.

Segundo o que explicou o concelleiro de Deportes, a tempada pasada foron a un partido, non sabe se foi ao do Córdoba. Outra cuestión que non entende ben é cando figura a expresión “asistencias Cambre concello” e aparecen unha serie de partidos de fútbol aos que, evidentemente, os nenos de Cambre non foron, nin cre que ninguén da Corporación, pero pon todos os partidos que se xogan en Riazor, pon “asistencias Cambre concello”. Reitera que isto tampouco o entende, e que todo iso está no expediente das obrigas de pagamento.

A continuación o Sr. alcalde preguntalle ao voceiro de EU se lle importa dicirle en que partida pon a asistencia do Concello de Cambre.

Don Luis Miguel Taibo Casás contéstalle que está no expediente do pleno que está a disposición de todos os concelleiros.

O Sr. alcalde responde que el non vai a entrar en discusión por uns bonos do Real Club Deportivo da Coruña, e precisamente das tempadas 2007, 2008 e 2010, cando el mesmo e o seu grupo non estaban no goberno. El non sabe cantos días foron os nenos ao fútbol nin cantos días non foron.

Continúa a dicir que se hai uns bonos comprados e adquiridos cunha factura, a súa obriga como alcalde é pagar esa factura, non deixala a deber. Aclara que el mesmo non pisou o campo de Riazor con ningún bono, e que o día que el queira ir ao fútbol pagarao do seu peto. Cando el viu os bonos, había tres, a última tempada compráronse só dous, e compráronse, precisamente, porque se lle dixo que os rapaces dos colexios de Cambre, comprando eses dous bonos, tiñan dereito a ir en grupos de cincuenta ao campo de fútbol a ver ao Deportivo. Insiste en que iso foi o que se lle dixo, e que por iso na última tempada, a que acaba de rematar, compraron dous bonos, mentres que esas facturas das que están a falar son das tempadas anteriores.

O Sr. alcalde di que non sabe se don Luis Miguel Taibo Casás estaba nesa Corporación, e parécelle que a obriga dun alcalde é que se ten unha factura sen pagar, e a factura é correcta, debe de pagala. El non sabe se os membros da Corporación daquel entón ían ao fútbol ou non, porque el non estaba.

Conclúe dicindo que isto é unha proposta, que os votos poden ser a prol ou en contra, el simplemente o aclara.

Don Luis Miguel Taibo Casás contéstalle ao Sr. alcalde que en ningún momento se discutiu o dos bonos dos rapaces. Manifesta que o que se está a discutir, e ao que el pon impedimentos, é que, agora mesmo, hai dúas entradas de preferente. Repite que iso é o que el está a discutir. O dos rapaces e unha cuestión que lle parece que está contemplada

nos asuntos protocolarios. Volve repetir que o que el discute é o das entradas preferentes, porque non lle parecen un bo exemplo.

Continúa a dicir, que se el non lembra mal, o propio Sr. alcalde dixo o outro día que fora ao fútbol, e que tiña o carné ou a entrada no peto e que cando llos pediu un concelleiro non llos puido dar porque se lle olvidaron.

O Sr. alcalde pídelles ao voceiro de EU que non malinterprete as súas palabras e que non diga cousas que el non dixo, porque el non coñece o campo de Riazor por dentro, e que quizais a súa obriga sexa coñecelo, pero que non o coñece.

Explica que o día que chegaron os abonos el meteunos dentro do peto da chaqueta porque llos entregaron no corredor e marchou con eles para casa. O concelleiro de Deportes díxolle que había partido de fútbol e preguntoulle se tiña os dous bonos para ir ao fútbol, e contestoulle que si, que os tiña na casa e non llos puido deixar. Di que ao día seguinte sacounos da chaqueta e tróuxoos ao concello, polo que agora están nun caixón.

Segue a dicir que se calquera membro da Corporación lle tivese pedido os bonos, tería podido ir ao fútbol con eles, xa que el non vai ao fútbol con eses bonos. Se protocolo do Concello de Cambre compra dous abonos de fútbol, é para que vaian os rapaces dos colexios.

Conclúe insistindo que o que están a falar aquí é de pagar a factura ou non pagar as facturas das tempadas 2007, 2008 e 2010.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, efectivamente, están a falar diso, pero tamén están razoando por que o seu grupo está en contra. Non obstante, dille ao Sr. alcalde que cando o outro día contou o que hoxe está a repetir, tamén dixo que os bonos estaban a disposición dos Sres. concelleiros. Maníéstalle que estarán a disposición dos concelleiros do grupo de goberno, porque di que eles nunca tiveron coñecemento de tal cousa. Engade que, ademais, el non lle solicitaría un bono para ir ao fútbol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que o tema estase a esaxerar. El entende que, para que os nenos de Cambre poidan ir aos partidos de fútbol en Riazor, hai que comprar eses dous bonos, os cales están en Alcaldía ou na concellaría de Deportes para calquera a quen lle apeteza ir, xa que están pagos.

Explica que nos catro anos que el levou Deportes, houbo xente da Corporación que llos pediu para ir ao fútbol, que podían ir membros do goberno ou da oposición, mesmo nalgúns casos llos pediu xente dalgúns clubs de fútbol. El mesmo ten ido algunha vez con eles, porque xa que están pagos, pregunta se é mellor que estean na casa ou que os aproveite alguén. Continúa a dicir que se os quere desfrutar calquera membro da

Corporación que os pida, e que os utilice, como os pide calquera directivo dun equipo de fútbol ou director do colexio.

Conclúe dicindo que se os bonos están pagados e todos están de acordo en que os nenos vaian o fútbol, para qué lle están a dar voltas ao asunto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás expón que para rematar con este asunto, se os bonos están a disposición de todo o mundo como afirmou o Sr. Marante, habería que dicir que hai uns bonos en Cambre que están a disposición de quen os pida, e que logo debería establecerse a preferencia de quen quere ir, ou de quen vai ir ou quen non, pero que o pobo de Cambre deberá saber que hai uns bonos a disposición das persoas, dos presidentes dos clubs ou de quen sexa. Insiste en que a el nunca se lle comunicou que había uns bonos para ir ao fútbol.

O Sr. alcalde reiteralle que a cuestión é aprobar o pago da factura ou non, e que considera que o tema está suficientemente explicado.

Continúa a dicir que o Sr. Taibo non é novo na Corporación, que o novo é el e máis o grupo de goberno. Moitos deles estiveron na Corporación municipal pero el, o alcalde, non. El non sabía que había que anunciar os bonos. Engade que se está a falar das tempadas 2007, 2008, ata 2010, non lle poden dicir que este costume non se tiña nos anos anteriores. Di que entón será que o anterior alcalde tampouco notificaba que tiña os bonos, e pregúntalle ao Sr. Taibo Casás se é que tampouco o sabía.

Insiste en que se lle está a dar demasiadas voltas a un tema que non ten sentido, xa que os bonos se compran para que vaian os nenos dos colexios, e que aquí están falando de aprobar o pago da factura ou non pagala. Son os votos os que teñen que decidir, el trae a proposta ao pleno e o que teñen que facer é votala, e que cada un vote como queira.

Don Luis Miguel Taibo Casás toma a palabra para preguntarlle ao Sr. alcalde se está a provocalo, e di que o seu grupo este tema xa o trouxo noutras ocasións ao pleno. Este tema non é a primeira vez que EU o leva a pleno, e non é a primeira vez que o preguntan.

O Sr. alcalde reitéralle que xa lle contestou que os bonos están a disposición da corporación.

Don Luis Miguel Taibo Casás repite que eles xa preguntaron anteriormente noutros plenos.

O Sr. alcalde dille que entón tiña coñecemento de que os bonos existen, e insta á votación da proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, votan en contra os dous

concelleiros de EU, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Aprobar o expediente núm. 1/2012 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2012 por importe de 13.355,96 euros, correspondente ás seguintes facturas, así como autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes:

Núm. factura	Data	NIF	Nome / Denominación social	Importe
Concepto				
F.M.111990	30/11/2011	J15702640	EXTINTORES SEGMA, S.C.	1.104,48
MANTEMENTO EXTINTORES E BOCAS INCENDIO CONCELLO ANO 2011				
25104369	25/01/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	236,00
DEREITOS AUTOR "LA ARENA Y EL AGUA" C. SOCIOCULTURAL O GRAXAL (CAMIÑOS DA CULTURA 2011)				
25104406	25/01/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	118,00
DEREITOS AUTOR "MARUSIA" CENTRO SOCIOC. O GRAXAL (CAMIÑOS DA CULTURA 2011)				
25106912	25/01/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	313,29
DEREITOS AUTOR "RUACTIVA" AUDITORIO PARQUE DA IGREXA (CAMIÑOS DA CULTURA 2011)				
25106913	25/01/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	132,75
DEREITOS AUTOR "CAYETANO LLEDO" C. SOCIOCULTURAL O GRAXAL (CAMIÑOS DA CULTURA 2011)				
25106914	25/01/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	88,50
DEREITOS AUTOR "AID" AUDITORIO PARQUE DE LA IGLESIA (CAMIÑOS DA CULTURA 2011)				
25106916	25/01/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	66,38
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "FRACASADOS DE ANTEMANO" (ROCK IN CAMBRE 2011)				
25106917	25/01/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	66,38
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "COYOTE EXPRESS" (ROCK IN CAMBRE 2011)				
25106919	25/01/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	2.655,00
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "MAGO DE OZ" (ROCK IN CAMBRE 2011)				
25106910	25/01/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	2.044,35
DEREITOS AUTOR VARIAS ORQUESTAS FIESTAS CAMBRE 2011 (CAPITOL, SOLARA E TROVADORES)				
25106911	25/01/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	74,34
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN ORQUESTA "ESTELARES" (ENTROIDO 2011)				
25110164	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	212,40
DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN "MEMORIA DE HENENA E MARÕA" (REDE CULTURAL 2011)				
25110165	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	212,40
DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN "VOLPONE": REDE CULTURAL 2011				
25110166	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	236,00
DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN "PELOS NA LINGUA": REDE CULTURAL 2011				
25110167	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	403,61
DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN "PESDELAN": REDE CULTURAL 2011				
25110168	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	88,50
DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN "OS MESTRES ESPAÑOIS": REDE CULTURAL 2011				
25110169	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	106,20
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ": REDE CULTURAL 2011				
25110170	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	106,20
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "CORAL POLIFÓNICA DE MELIDE": REDE CULTURAL 2011				

25110171	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	106,20
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "CANTABILE": REDE CULTURAL 2011				
25110172	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	61,95
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "PETER PUNK": REDE CULTURAL 2011				
25110173	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	53,10
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "OS RUERIÑOS DE SAN PEDRO": REDE CULTURAL 2011				
25110174	03/02/2012	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	531,00
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN "A TROVA CAMAGÜEYANA": REDE CULTURAL 2011				
01/2012	27/02/2012	32774887W	GOMEZ TENREIRO, BELEN	70,60
COLABORACIÓN PRESENTACIÓN FESTIVAL HABANERAS: AXENDA VERÁN 2011				
01/2012	27/02/2012	32764876L	FERNANDEZ RIVEIRO ANTONIO	70,60
COLABORACIÓN PRESENTACIÓN FESTIVAL HABANERAS: AXENDA VERÁN 2011				
031/12	31/01/2012	A15168156	ESPIÑA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.	606,52
PARAMETRIZACIÓN VARIADOR FRECUENCIA E MODIF. PROGR.BOMBEO, TRABALLO DE 2010				
000802-10	30/09/2010	B15360902	CANARGA S.L.	263,21
SUBMINISTRACIÓN AGLOMERADO EN FRÍO OBRAS E SERVICIOS				
04/11	11/11/2011	32624572S	REGUEIRO ALVARIÑO JOSE RAMON	118,00
SUBTITULAC. AO INGLÉS VÍDEO X ANIVERSARIO PROGR. MUN. VOLUNTARIADO (EXPOSICIÓN ELCANET)				
000091	20/01/2012	A15023070	R.C. DEPORTIVO DE LA CORUÑA, S.A.don	3.210,00
TRES ABONOS TEMPORADAS 2007-2008 E 2010-2011				
Total				13.355,96

**2º Proposta de ratificación do acordo de disolución da Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria dos concellos comprendidos na área de influencia da Coruña, adoptado pola Asemblea intermunicipal o 12 de marzo de 2012**

Vista a proposta da Alcaldía de data do día 22 de xuño de 2012, que se transcribe literalmente a continuación:

“Visto que pola Asemblea intermunicipal da Mancomunidade de municipios da área de influencia da Coruña, en sesión celebrada o día 12 de marzo de 2012 á vista de que a referida mancomunidade permaneceu sen ningunha actividade dende a última sesión celebrada o día 10 de agosto de 2000, e visto que se producen as circunstancias a que se refire o artigo 14 apartados b), c) e d) dos estatutos e que así mesmo segundo o seu apartado a) tamén é causa de disolución a separación da mancomunidade de máis da metade dos municipios que a integran, producíndose calquera das causas referidas será suficiente para a súa disolución.

Visto que a persistencia da actual situación constitúe unha irregularidade na orde xurídica e tendo sido requiridos os sucesivos alcaldes da Coruña para que na súa calidade de presidentes dese organismo supramunicipal rendan contas dunha xestión económico-financiera inexistente coas responsabilidades subseguintes en caso de non producirse.

Visto que se dan as causas previstas nos estatutos para a súa disolución, de conformidade co acordo adoptado pola Asemblea intermunicipal da Mancomunidade de municipios referido.

Vista a documentación remitida e o informe da Secretaría e Intervención municipais do día de hoxe, propónse ao pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Ratificar na súa integridade e propios termos o acordo adoptado pola Asemblea da Mancomunidade intermunicipal voluntaria dos concellos comprendidos na área de influencia da Coruña con data 12 de marzo de 2012, respecto da aprobación da disolución da dita mancomunidade conforme ao previsto no artigo 14 dos estatutos, por producirse as causas do artigo 14 apartados 14.1. b), c) e d), isto de conformidade co establecido no art. 143.1.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e para os efectos previstos na letra d) do mesmo artigo respecto da remisión á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, de data 26 de xuño de 2012.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, expón que o pasado 12 de marzo houbo unha asemblea da Mancomunidade onde se decidiu iniciar os trámites para a súa disolución. Unha vez que se aprobou pola asemblea iniciar eses trámites, agora correspóndelle aos plenos de cada unha das Corporacións dos concellos integrantes da Mancomunidade ratificalos, e unha vez ratificados por todos os concellos procederase á disolución definitiva. A proposta é ratificar a postura que xa mantivo o Sr. alcalde nesa asemblea e que agora está a disposición da Corporación.

Concedida la palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o grupo socialista vai manter o criterio que os concellos de Culleredo, Bergondo e Betanzos mantiveron na asemblea da Mancomunidade do 12 de marzo de 2012. Consideran que a disolución da Mancomunidade é unha decisión precipitada. Se ben é certo que esta institución non viña realizando funcións de forma asidua, si consideran que era a única institución de carácter supralocal na comarca á que se podía acudir en momentos determinados cando se trataba de pedir determinadas subvencións ou fondos de carácter comunitario.

Continúa dicindo que a desaparición da Mancomunidade nestes momentos, que era o único órgano supralocal no que estaba integrado o Concello da Coruña, deixa sen presenza deste tipo de órganos a toda a comarca do contorno da Coruña. Por isto, consideran que é precipitada, que o seu mantemento non formulaba ningún problema e ningún prexuízo, economicamente tampouco, e que non obstante é un instrumento que chegado o caso podería ser necesario para acceder a determinado tipo de subvencións ou fondos europeos.

Finalmente di que, mantendo os criterios dos concellos gobernados polo Partido Socialista de Culleredo, Bergondo e Betanzos, o seu voto vai ser a abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández, voceiro suplente de UxC,



pregunta polo custo que lle vai supoñer ao concello e en que prazo van ter que facer fronte a iso.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que aínda non poden contestar esas preguntas. Di que polo de agora teñen unhas estimacións, aínda que non as teñen preparadas, pois fai pouco que chegou a sentenza definitiva á demanda que interpuxo o Concello de Oleiros contra a Mancomunidade, desestimando a súa petición e recomendándolle a Oleiros que faga a reclamación a cada un dos concellos, entón non lles pode dicir agora mesmo a cantidade exacta que lle debería o Concello de Cambre ao Concello de Oleiros, se é que se lle debe algo.

En canto á resposta ao voceiro do Partido Socialista, comenta que está moi ben, pero que a Mancomunidade leva moitos anos sen funcionar.

Explica que a Mancomunidade creouse cun único propósito, que foi a solicitude dunha subvención para a creación dos puntos limpos, e di que non foron especialmente boas as consecuencias desa solicitude, polo tanto, cree que, ao mellor, haberá que comezar de novo, pero a decisión é a que é. Di que é certo que hai un conflito bastante desagradable entre os concellos da comarca, e que por iso o Sr. alcalde e o goberno municipal consideran que a mellor postura é disolver e retomar as conversacións, porque cren que todas as forzas políticas poden estar de acordo en que fai falta algún método de colaboración entre todos os concellos incluído o da Coruña.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que para o seu grupo a Mancomunidade foi un ente que nunca funcionou e que se amosou claramente ineficaz para abarcar as políticas ou servizos mancomunados para os que naceu. Iso o demostra a última reunión que tiveron, que foi en agosto do ano 2000.

Di que EU aposta pola reorganización, pola eficacia á hora de prestar servizos públicos. Agora comeza o principio dun camiño que entre todos teñen que empezar a percorrer, polo que, van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo non é, en principio, favorable á desaparición da Mancomunidade tal e como se coñece, porque entenden que sobre o papel é un instrumento válido para dar resposta a determinadas necesidades que poidan ter os concellos, como as que enumerou o voceiro do grupo socialista, á hora de pedir e recibir determinadas subvencións, especialmente dentro do ámbito europeo.

Continúa a dicir que, non obstante, tamén recoñecen que non é culpa ou responsabilidade do Partido Popular, senón que foi un instrumento inútil ao cabo do tempo por un deseño feito no seu día e mantido durante máis de vinte anos polo Partido Socialista, e en especial polo señor Francisco Vázquez. Explica que están a poñer a coroa aos restos mortais dun enxendro creado polo Sr. Paco Vázquez que nunca foi deseñado ou desenvolvido para o papel para o que foi creado.

Engade que agora é o Partido Popular o que goberna A Coruña, que goberna Arteixo, Cambre, Carral e infinidade de concellos, que ten maioría absoluta tamén na Deputación da Coruña, que ten maioría absoluta no parlamento autonómico, o que toma a decisión e determinación política de eliminar a Mancomunidade, e di que a el se encomendan, porque saben que é responsabilidade súa, é responsabilidade dos seus votos tomar traza do que debe ser a organización supramunicipal dos concellos no contorno da Coruña.

Di que non hai ningún impedimento a día de hoxe para que se comence de maneira efectiva a crear unha área metropolitana como se está a facer xa no caso de Vigo, e que, polo tanto, a responsabilidade a partir de agora é do Partido Popular. Agardan que, dalgunha maneira, isto comece a andar como é debido. O voto do BNG vai ser a abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que vai manter o mesmo voto que na comisión e vaise abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU, e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM.

De conformidade co disposto no art. 143 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e arts. 22.2 e 47.2.g) da Lei 7/1985, do 20 de abril, reguladora das bases do réxime local, a proposta de ratificación require o acordo favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Dado que a proposta de Alcaldía foi votada favorablemente por dez concelleiros dos vinte e un que compoñen a Corporación, non resulta ratificado o acordo de disolución da Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria dos concellos comprendidos na área de influencia da Coruña, adoptado pola Asemblea intermunicipal o 12 de marzo de 2012, por non acadar o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

### **3º Modificación da ficha do posto de enxeñeiro técnico industrial da RPT**

Visto o informe da unidade de Réxime Interior de data 22 de xuño de 2012 en relación coa modificación na relación de postos de traballo no que ao posto de enxeñeiro técnico industrial se refire.

Visto que na propia Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, informou das modificacións propostas pola Mesa de Negociación ao informe-proposta da unidade de Réxime Interior, que consisten en: *Cambiar a denominación do posto que anteriormente era de enxeñeiro técnico*

*industrial e agora pasaría a denominarse “técnico de servizos”. Igualmente, na descrición identificativa engádese “... e demais tarefas propias da súa titulación encomendadas pola xefatura da sección”. Por último, en canto á formación específica, que na relación de postos de traballo figuraba título de enxeñeiro técnico industrial, se modifica para “título de enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente”.*

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 26 de xuño de 2012, favorable á proposta, coas modificacións introducidas con base no acordado na Mesa de Negociación.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que o obxectivo desta proposta é modificar a ficha de enxeñeiro técnico industrial que actualmente existe no cadro de persoal, isto debido ao falecemento da persoa titular dese posto. O obxecto da modificación é que, á maior brevedade posible, e sobre todo de cara ao verán que chegan as vacacións e vaise ter un déficit importante de persoal, se poida incorporar un enxeñeiro novo que fai moita falta no concello.

Di que el supón que nas comisións xa tomaron nota das modificacións da proposta inicial e agarda que esta mañá lles chegase a certificación da acta da mesa de negociación, que el mesmo pediu que se lles enviara. Engade que quere pedir desculpas pola premura, pero di que é moi urxente contar cun enxeñeiro. Nesa acta poden ver que os tres sindicatos se amosaron favorables a facer a modificación, e que, de feito, se incluíron as modificacións que eles propuxeron.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo non entende a premura, non a premura da necesidade de cubrir o posto, senón a premura de traer este asunto a este pleno. A mesa reuniuse o luns, e os propios sindicatos que compoñen a mesa quéixanse da présa coa que se realizou esta xestión. Continúa a explicar que non quedan moi xustificadas as razóns, polas cales se produce unha rebaixa nas retribucións, nin no expediente nin nos informes do técnico e do concelleiro. Finalmente di que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre explica que as retribucións se rebaixan precisamente para igualalas aos técnicos que agora mesmo hai no cadro de persoal da mesma cualificación. Di que o normal é que todas as persoas que teñan a mesma cualificación teñan o mesmo salario.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández, voceiro suplente de UxC, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, adianta que o seu grupo vaise abster, e comenta e quéixase pola premura coa que se fixo a documentación e o pouco tempo que tiveron para dispor dela.

Concedida a palabra a dona María Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que despois de comprobar que a proposta conta co beneplácito dos sindicatos van cambiar o seu voto da comisión, onde se abstiveron, e van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que vai manter o voto da comisión polo que se vai abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros do BNG, e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM.

A Corporación, por dez votos a prol, acordou:

Aprobar as seguintes modificacións á ficha da Relación de Postos de Traballo correspondente ao enxeñeiro técnico industrial:

- Denominación do posto: técnico de servizos
- Descrición identificativa: engádese, ao final do dito apartado “... e demais tarefas propias da súa titulación encomendadas pola xefatura da sección”.
- Formación específica: título de enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente.
- Forma de provisión: Concurso. A3 – Administración do Estado, CCAA e Local
- Retribucións ao posto de traballo (RPT):
  - complemento de destino (nivel 24): 6.995,04 euros (582,92 mes)
  - complemento específico: 10.354,58 euros (739,62 mes + 2 pagas)

#### **4º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2012**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, de data do día 22 de xuño de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social, de data 26 de xuño de 2012.

Vistos os votos particulares ao ditame das comisións informativas presentados polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, e rexistrados de entrada ao núm. 9063 o día 27 de xuño de 2012.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que como xustificación aos votos particulares do seu grupo, quere dicir que resulta triste que con fondos municipais se teñan que cubrir as carencias que a Xunta de Galicia vén demostrando no servizo de transporte adaptado do 065, e que leva consigo que por parte dos servizos municipais se teña que poner en marcha este transporte adaptado, con

carácter complementario, para atender necesidades de xente que non está adecuadamente atendida polo 065.

Entenden que hai que apoiar esta iniciativa, pero tamén di que son da opinión de que a proposta é susceptible de melloras, sobre todo tendo en conta os comentarios recibidos e as propostas recibidas por parte do colectivo de discapacitados que van ser os eventuais beneficiarios do servizo, e tamén de persoas particulares. Por estes motivos formulan os cinco votos particulares.

Explica que o primeiro voto particular refírese á cantidade que se asigna por beneficiario e ano para facer fronte ao abono do transporte adaptado, en concreto, cita que a base segunda, onde se fala do financiamento das propostas da convocatoria de bonotaxi pon que “a máxima cantidade por beneficiario/a será de 200 euros ao ano”. O voto particular presentado polo PSdeG-PSOE propón a modificación da redacción desta base, co fin de que quede redactada do seguinte xeito: “a cantidade por beneficiario/a será de 500 euros ao ano”.

Concedida a palabra a dona María Jesús González Roel, concelleira delegada de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, explica que esa é unha base da convocatoria para o exercicio do 2012, e que se está a comezar o mes de xullo, co cal, a achega de 200 euros sería tan só para seis meses. Para o vindeiro ano xa van saber como está a funcionar este servizo e saberán os usuarios que van a utilizalo, posto que a día de hoxe, debido a que non existe unha base de datos, non se sabe a cantidade de usuarios que van usar este servizo. Por estes motivos, di que pensa que poñer 500 euros para seis meses parécelle totalmente excesivo. Explica que 200 euros, máis ou menos, serían unha axuda anual de catrocentos euros.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno di que se esta medida non se puxo en marcha antes é porque o equipo de goberno non quixo ou non puido. Explica que os orzamentos aprobáronse no mes de xaneiro de 2012, con cal a medida podería estar en marcha, e o que non se pode facer é unha rebaixa nas pretensións en función de que non se puxo en marcha con anterioridade. Explica que, en todo caso, o que houbo é unha mala xestión por parte do equipo de goberno, motivo polo que o seu grupo vai manter o seu voto particular.

Dona María Jesús González Roel contesta que non houbo ningunha mala xestión, que simplemente os trámites dos documentos levan o tempo que levan, e que a realidade é que están no mes de xullo que é cando se vai levar a cabo. No 2013 volveráanse a facer outras bases e poderáse ampliar a axuda a 500 euros, ou máis se é posible, dependendo do número de usuarios e da prestación, pero que agora é o mes de xullo e daríanse 200 euros.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández, voceiro suplente de UxC, manifesta que este servizo debería ser asumido pola Xunta, e que é o concello quen se ten que facer cargo polo deficitario servizo do 065. Non obstante, di que os veciños de

Cambre non se teñen por que ver privados do servizo polo que creen que é un mal menor aprobar esta proposta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, quere poñer de manifesto o deficiente servizo que ven prestando o 065 dependente da Xunta de Galicia, non só no Concello de Cambre senón en diversos concellos.

Por outra parte, e con independencia do voto particular presentado polo grupo municipal socialista, que mellora a proposta do goberno, para EU segue sen cumprir as expectativas de moitos usuarios de Cambre afectados por este problema que demandan un transporte adaptado e xestionado polo concello en similares condicións ao que se prestaba anteriormente.

Independentemente do diñeiro ao que fan referencia as propias bases, ao seu grupo chámalle a atención a posible discriminación respecto das persoas afectadas segundo a base cuarta, pois di que hai que ter en conta que ás veces o problema da mobilidade non vén dado pola capacidade económica senón polos medios que se presten, polo que entenden que a axuda non debe ser tanto económica senón que debe ter un carácter máis integrador e de eliminación de barreiras.

A continuación, don Luis Miguel Taibo dá lectura ao artigo 4 das bases, que consta do seguinte teor literal: “trátase de proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo e poder gozar dos mesmos dereitos que o resto de cidadáns”. Engade que, estando de acordo con isto, hai que clarificar cal é o obxectivo do acordo, preguntando se consiste en facilitar ás persoas con discapacidade e sen recursos un servizo público de transporte adaptado, ou ben, facilitar a todas as persoas discapacitadas un transporte adaptado. Explica que é aquí onde reside a gran diferenza e manifesta que é un dereito universal que todas as persoas, con independencia da capacidade económica que teñan, ter transporte.

Finalmente, engade que nos requisitos para persoas beneficiarias deste servizo non pode aparecer que non o poidan aproveitar persoas que superen unha determinada renda familiar, en todo caso, deberán facerse cargo do importe do servizo eles mesmos, pero o concello debe facilitarlles o servizo sempre.

O Sr. alcalde lémbrale ao Sr. Taibo Casás que o que están a discutir é o voto particular do PSOE non a proposta, a que tratarán máis tarde.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que el está a argumentar o voto particular do PSOE porque o que vai propoñer EU e que isto quede enriba da mesa. Fai fincapé en que se lle curtan agora, non segue, pois o que el quería facer é unha intervención.

O Sr. alcalde insiste en que primeiro van votar os votos particulares e máis tarde van discutir a proposta, onde o voceiro de EU terá a oportunidade de falar sobre ela, pero

polo de agora o que teñen que decidir é se inclúen ou non os votos particulares na proposta. Insiste en que non é por quitarlle a palabra.

Concedida a palabra a dona María Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol do voto particular, aínda que están en contra do sistema de bonos. Non obstante, consideran que para o sistema de bonos, 200 euros é moi pouca contía, polo que están de acordo de que se isto vai adiante, mellor que sexan 500 euros.

Comenta que hoxe estivo a mirar canto custaba un servizo de Bribes ao Abente y Lago, e díxéronlle que para ir un luns tiña que avisar hoxe, despois de chamar a varios números de teléfono, xa que non hai dispoñibilidade pois só hai cinco vehículos adaptados. Tamén preguntou canto lle cobraban, e díxéronlle que para ir ao Abente y Lago eran sesenta euros desde Bribes, e por ir á residencia eran cincuenta euros. Por estes motivos, consideran que aprobar un bono de 200 euros, tendo en conta que as persoas con mobilidade reducida pola súa condición teñen moitos problemas físicos e están constantemente indo ao médico, é o mesmo que non aprobar nada. Engade que se isto dos bonos sae adiante, van votar a prol do voto particular do PSOE.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM (PdC), manifesta que o seu voto é a prol do voto particular que presenta o PSOE, aínda que lamenta ter que ir en contra das arcas municipais e non contra as arcas do goberno da Xunta de Galicia, que ao seu xuízo, é quen tería que facerse cargo do servizo.

Concedida a palabra a dona María Jesús González Roel expón que simplemente quere dicir que a Xunta de Galicia ten o servizo do 065, e que efectivamente non van presumir de que funcione á perfección. Di que normalmente si funciona, non funciona cando non avisan ás persoas que teñen que facer uns servizos extraordinarios ou teñen un cambio de médico e cousas dese tipo, aí é cando peor funciona.

Engade que a proposta que presentan é un complemento. Xa falaron co presidente de eurotaxi pero aínda non concretaron unha serie de cousas, e, a día de hoxe, se non se firma un convenio con eles, os taxistas nin sequera poderían entrar en Cambre.

Expón que aínda está no aire, que se trata dun servizo pioneiro na área metropolitana, seguramente insuficiente de partida, pero é o que hai aprobado nos orzamentos, para estes seis meses serían 200 euros, e para o ano que vén, nos próximos orzamentos, pódese modificar, porque iso é unha contía aprobada só para este ano.

Continúa a dicir que hai que estudar a fondo como vai funcionar o sistema, se é que realmente vai funcionar ben, porque o ideal sería que houbese un taxista en Cambre, que é a meta que tiña, aínda que non a logrou posto que ningún taxista quixo meterse agora mesmo nun investimento dun taxi adaptado, o cal non quere dicir que dentro dun par de meses non se faga, pero agora mesmo esta é a situación na que se atopan.

Insiste en que non é unha solución total e que de momento teñen que estudar como vai funcionar, xa que se fixeron unhas previsións supostas posto que non saben o número de usuarios que van ter.

Conclúe dicindo que nestes seis meses vaise estudar o tema e que nos próximos orzamentos sería o momento de todas as propostas que lles fai o partido socialista, para cando se aprobasen os novos orzamentos limar todas esas cousas, ver o número de usuarios que teñen, e todo o necesario. Trátase de poñer en marcha algo totalmente novo, cunha partida que é a que é, que son dez mil euros e nada máis.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno contesta, en resposta á formulación dos compañeiros de EU, que o que están a adoptar é unha medida en función das bases que se lles presentan e do tempo que queda durante este ano para poder os beneficiarios ter este tipo de prestación. Manifesta que a demora na discusión deste tema vai levar tamén unha demora na prestación do servizo, e todos saben quen vai ser o prexudicado. Comenta que el é partidario de que para a próxima anualidade, para o 2013, haxa un traballo xa feito entre todos os grupos, para intentar darlle unha solución a este problema, pero, neste momento, cren que os votos particulares é unha forma de dar un servizo adecuado, e en función das necesidades que agora mesmo está sufrindo este colectivo. Polo tanto di que manteñen o seu voto particular, en todos os termos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás expón que, como xa dixo, o voto particular mellora sensiblemente a proposta do goberno, non obstante, observa unha serie de lagoas.

Explica que na proposta do goberno se fala de corenta e cinco días dende que saia publicado para poder solicitar o servizo, mentres que no voto particular pon noventa días. Di que, segundo a proposta do goberno, as solicitudes chegarán ao concello e estudaranse porque haberá que establecer unha serie de preferencias, a quen se lle vai dar ou non o servizo, polo que haberá que esperar corenta e cinco días para poñer en funcionamento o servizo.

Na proposta alternativa do partido socialista pon noventa días, polo que se entende que nun caso hai que esperar corenta e cinco, e noutro caso noventa días, reitera que haberá que facer unha valoración porque non pode ser que primeiro se valore dunha maneira e logo doutra distinta. Repite que ao final haberá que valorar todas as solicitudes para establecer as preferencias para prestar o servizo.

Conclúe dicindo que por iso se pode falar de contradicións, e que o seu grupo xa propuso sentarse a falar de todo isto debidamente entre os voceiros, e sobre todo, consultando aos afectados e ás asociacións, por exemplo as asociacións Apem o Arela, que son os que máis entenden do tema.

Concedida a palabra a dona María Jesus González Roel contesta que o dos corenta e cinco díasponse porque hai que por un prazo, que pode ser corenta e cinco ou noventa,



pero que isto non quere dicir que vaian tardar corenta e cinco días en resolver. Explica que tamén están os informes das traballadoras sociais, e que as persoas que non presentasen nada nos corenta e cinco días de prazo, con eses informes vanse poder acoller igualmente ao bonotaxi. Poden ampliar os prazos, pero reitera que, en calquera momento despois dos corenta e cinco días, cos informes das traballadoras sociais se poden incluír no bonotaxi, polo que non entende o que quere dicir don Luis Miguel Taibo Casás.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que para algo se establecerán os prazos, que para algo estarán no papel postos, nun corenta e cinco, e noutro noventa días. Explica que previamente haberá que facer unha valoración, e despois de facer todas as valoracións das solicitudes que se presenten, será cando se designe o servizo, a quen lle corresponde e a quen non.

Entende que no tema dos prazos pode haber contradicións. Expón que, sobre todo, estes temas si que hai que consultarlos cos afectados, coas asociacións existentes no concello, e el non ten coñecemento de que se falase nada, porque el si que falou con algunhas persoas e lle dixeron que non tiñan nin idea de isto.

Finalmente cree que todo isto non tería acontecido se tiveran posto en funcionamento o Regulamento de participación cidadá e houbo un consello sectorial de servizos sociais, porque é aí onde deberían participar todas esas asociacións e non habería problema. Apela á premura deste regulamento.

Concedida a palabra a dona María Victoria Amor Prieto dille a dona María Jesús González Roel que ao 065 hai que chamar, segundo o portal da Xunta de Galicia, como mínimo con noventa e seis horas de antelación. Explica que está claro que se alguén ten que ir o fisioterapeuta o luns, mércores e venres, pois efectivamente iso funciona.

Continúa con outro exemplo dicindo que se hai que usar os servizos médicos, se alguén se ten que operar, facerse probas e outros, toda a xente que vai á Seguridade Social saben que os chaman un luns para presentarse alí o xoves, para operar ou o que sexa. Expón que ela utiliza a Seguridade Social e que chaman un luns para presentarse alí o mércores. Engade que o servizo da Xunta que existe noventa e seis horas, nestes momentos é unha burrada.

Continúa dicindo que a proposta é unha esmola cando a xente o que está a reclamar é un dereito, un dereito que agora o reclaman eles pero que calquera día o pode reclamar calquera dos que están aquí, porque hai unha cousa que se chama solidariedade, e moita da xente que ten dificultades de mobilidade é por un accidente, hoxe son eles e mañá son calquera dos presentes.

Polo tanto, a ela parécelle que é virarlle as costas a un problema, que é unha perda tremenda, posto que dende o 2008 había un servizo do 065 que si cubría en parte as

necesidades e que agora se perdeu. Insiste en que ela pensa que é virarlle as costas a un problema social que está aí.

Sometido o voto particular a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros do BNG, e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM; votan en contra os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM; e abstéñense os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por 10 votos a prol, aprobou o primeiro voto particular presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, que consta do seguinte teor literal:

“Na base segunda.- Financiamento da proposta da convocatoria de bonotaxi maniféstase que ‘a máxima cantidade por beneficiario/a será de 200 euros ao ano’

Por medio do presente voto particular propónse a modificación da redacción da base recollida no parágrafo anterior, co fin de que quede redactada do seguinte xeito: ‘a cantidade por beneficiario/a será de 500 euros ao ano’”.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno explica que o segundo voto particular ten que ver cos requisitos que se lles piden aos beneficiarios para acceder á prestación. Na base terceira, no número un, parágrafo oitavo, onde di: “non poderá dispoñer a unidade de convivencia dunha renda per capita anual superior a 1,50 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), vixente para cada exercicio”. Por medio do voto particular propónse a modificación da redacción da base anterior, co fin de que quede redactada do seguinte xeito: “Non poderá dispoñer a unidade de convivencia dunha renda per capita anual superior a 1,50 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) vixente para cada exercicio, multiplicado polo número de membros que constitúan a citada unidade de convivencia.”

Continúa a explicar que o 1,50 do indicador do IPREM, segundo os números que eles manexan, son 798 euros por unidade familiar ou de convivencia.

Concedida a palabra a dona María Jesús González Roel explica que o texto pon 798,77 euros por persoa, que é o 1,5 do IPREM da unidade familiar. Pon como exemplo que un matrimonio con 2000 euros, co 1,5 do IPREM, tería un promedio de 900 euros, co cal non entrarían. Repite que é 798,77 por persoa.

Don Augusto Moreno Rey volve leer a redacción da base citada.

Dona María Jesús González Roel fai fincapé en que a base pon “per capita”.

Don Augusto Moreno Rey di que, entón, si se entende que a renda é por persoa e non por unidade familiar, retira o voto particular explicando que foi un erro.

A continuación, don Augusto Rey Moreno explica o terceiro voto particular presentado, indicando que este ten que ver co prazo de presentación de solicitudes. Na base quinta, no seu parágrafo primeiro, lee: “ O prazo de presentación de solicitudes será de 45 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da presente convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*”. Expón que mediante o voto particular propónse a modificación da redacción da base anterior, co fin de que quede redactada do seguinte xeito: “O prazo de presentación de solicitudes será de 90 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da presente convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*”.

Concedida a palabra a dona María Jesús González Roel contesta que respecto a este voto particular poderían votar a prol sen problema ningún, pero quere facer constar que no informe tamén pon literalmente: “recoñecemento de discapacidade que afecte gravemente á mobilidade e impida a utilización do transporte colectivo en data posterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes. [...] Calquera outra circunstancia de especial urxencia segundo a valoración do equipo técnico de servizos sociais”. Non obstante, insiste en que non hai ningún inconveniente en poñer noventa días en vez de corenta e cinco.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno di que quizais o máis adecuado sería deixalo para outra anualidade, e que o prazo fora sine die, para que tan pronto como se fosen presentando as solicitudes se fosen resolvendo sen necesidade de poñer un prazo. Neste caso, por ser o primeiro ano, consideran que noventa días é un prazo suficiente para que a xente se entere e poda tramitar a solicitude, posto que a tramitación tampouco é sinxela en canto á documentación que se esixe. Por isto manteñen o voto particular.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás reitera o que xa dicía antes en canto aos prazos de corenta e cinco e noventa días. Explica que se ao final van ter que esperar noventa días, tendo en conta que estan no mes de xuño, e que o 17 de decembro se remata o servizo, entón contarían cun máximo de 3 meses de servizo ao ano.

Dona María Jesús González Roel, contesta que se pon un prazo máximo como para todo, pero iso non quere dicir que estean trinta días sen resolver nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás replica que hai que ter en conta o tema das valoracións, insiste en que haberá que valorar os casos.

Dona María Jesús González Roel explica que hai uns requisitos moi claros.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández di que, en calquera dos casos, queren que quede claro que para tomar a decisión, calquera que sexa, debe terse en conta ás asociacións e aos implicados.

Concedida a palabra a dona María Victoria Amor Prieto di que o seu grupo vai votar a prol deste punto.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López di que el tamén vai votar a prol do voto particular.

Sometido o voto particular a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou o terceiro voto particular presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, que consta do seguinte teor literal:

“Na base quinta.- Prazo de presentación de solicitudes. No seu parágrafo primeiro, onde di ‘O prazo de presentación de solicitudes será de 45 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da presente convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*.’  
Por medio do presente voto particular propónse a modificación da redacción da base recollida no parágrafo anterior, co fin de quede redactada do seguinte xeito: ‘O prazo de presentación de solicitudes será de 90 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da presente convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*’.

Ante as dúbidas que se manifestan na interpretación deste parágrafo, don Augusto Rey Moreno explica que quere deixar claro que non se trata de atrasar que os posibles beneficiarios poidan ter dereito a esa cantidade. O que debe deixar moi claro o goberno municipal é se pode, e el entende que non hai ningún problema xurídico nin de procedemento legal que o impida, ir tramitando as solicitudes a medida que vaian entrando. Se cumpren os requisitos dáse a axuda, e se se acaba a partida, haberá que suplementar a partida para atender ao resto de peticións, se procede.

Finalmente, di que non entende onde está o problema, e lembra que dona María Jesús González Roel acaba de dicir que non había ningún problema en que as solicitudes se tramiten a medida que vaian entrando, pois a valoración é do seguinte xeito: si se cumpren os requisitos vaise dando a prestación, porque senón caerían nunha “burocratada” impropia da prestación que se está a dar, pois isto sería igual con corenta e cinco días que con noventa.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que, como el ten dúas persoas que o asesoran, dálle a palabra á Sra. interventora, pois el cree que se se establece un prazo, calquera que sexa ese prazo, calquera cidadán ten dereito a agotar totalmente o prazo, e se hai cincocentas persoas nesa situación, poden presentar as solicitudes no último día e están no seu dereito, co cal, o servizo non pode ir tramitando absolutamente nada, porque non ten entradas porque a xente esperou ao último día.

Cre que o sentido do voto é, que se alguén ten a necesidade de verdade dese servizo, o que se debería de facer é tratar de acurtarlo, non de alongalo. Insiste que el entende que este é o sentido do voto, só que está mal expresado, porque o cidadán pode esperar ata

que se cumpra o día oitenta e nove para presentar a solicitude, e ninguén llo vai impedir. Pregunta que van tramitar os servizos sociais durante esos oitenta e nove días restantes, e contesta que absolutamente nada porque non teñen presentación de solicitudes.

Don Augusto Rey Moreno expón que primeiro quere deixar claro que o que non está nas bases non existe. Explica que nas bases aparece un prazo de corenta e cinco días para presentar as solicitudes, pero o que non se establece nestas é un orde de prelación ou de criterio ou unha valoración para dar as prestacións, polo tanto, todo veciño que presente a solicitude e cumpra os requisitos, unha vez presentada a documentación, a súa solicitude ten que ser admitida e resolta, polo que non hai por que esperar unha valoración conxunta, entre outras cousas, porque iso non se recolle nas bases, a menos que agora se estean a inventar un novo procedemento.

Continúa dicindo que os fondos serán os que haxa, pero que iso non quere dicir que o Pleno non aprobe unha modificación desa partida para incrementala, e di que isto é un tema que é vontade do Pleno, e que será o Pleno quen teña que manifestarse nese sentido.

Polo tanto, el segue mantendo o tema, a menos que non se poña ningún prazo e que se diga que as solicitudes a medida que vaian entrando se irán resolvendo. Explica que se non se pon ningún prazo, dentro do exercicio orzamentario os beneficiarios irán presentando as súas solicitudes e irán resolvéndose, pero di que esperar nun tema como este, aprobación, publicación no DOGA, e posteriormente corenta e cinco ou noventa días, para presentar solicitudes e despois resolver, entón para iso é mellor retirar a partida porque é unha tomadura de pelo aos beneficiarios.

Insta a ser áxiles e facer unha interpretación en beneficio do administrado, que é o que están a pedir.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PGD), manifesta que está totalmente de acordo coa formulación exposta por EU. Di que se hai unha partida limitada de diñeiro, o que non se pode facer é ir dando o servizo segundo as solicitudes vaian entrando, explica que primeiro haberá que ter todas as solicitudes para facer unha valoración e logo saber quen é o que ten maior necesidade para poder acceder ao servizo.

Continúa a dicir que na proposta que fai o grupo de goberno propón douscentos euros máximo, mentres que na proposta que fai o PSOE di cincocentos euros a secas, non di como máximo, é iso non pode ser así. Di que en calquera base de concurso que se faga para actividades, hai unha partida e preséntanse solicitudes durante un prazo, e a partir de aí, entre todas as solicitudes, se valoran e se reparte o diñeiro. Aquí o que se pretende e que se dea o servizo segundo vaian chegando as solicitudes, e se o final dos 90 días, preséntanse cen veciños que reúnen os requisitos que as bases recollen, pregunta que se xa se deu o servizo aos trinta primeiros, que pasa cos outros e de onde se sacan os recursos, pregunta se van cambiar os recursos asignados continuamente.

Finalmente, di que en vez de estar a discutir o tema, cre que o adecuado é o que di don Luis Miguel Taibo Casás, facer unha xunta de voceiros, falar as cousas e deixar de estar con tira e afrouxas e historias, porque ao final non vai saír ninguén convencido de que isto vaia a ser realmente beneficioso para os que o necesitan. Para rematar di que era conveniente retirar o asunto da orde do día do Pleno, e valoralo canto antes, e que no próximo Pleno veña realmente o asunto estudado, valorado, consensuado con todos, e que de verdade teñan un documento que presentar aos veciños e que non estean a facer o que están a facer.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás explica que eles non fixeron a proposta por facela, xa consideraron que ía haber debate neste tema, porque na súa opinión non se pode coller nin con pinzas, porque di que corren o risco de que este servizo se presente mes e medio, e engade que a secretaria e a interventora poden confirmar se hai que esperar ata os noventa ou corenta e cinco días, ou se se poden ir resolvendo as solicitudes paulatinamente a medida que vaian entrando, e insiste en que este punto hai que clarificalo.

Continúa a dicir que neste asunto teñen que colaborar todos para prestar o servizo, e incluso ver que servizo queren prestar porque ao mellor o cambian, e en vez de empregar dez mil euros hai que empregar vinte e cinco ou trinta mil euros e comprar un vehículo adaptado.

Finalmente di que hai que sentarse e falar do tema como hai que falar, e insiste en que tanto a secretaria como a interventora poden resolver todas as dúbidas respecto a este tema.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que en ningunha parte das bases se establece que o acceso ás subvencións sexa cun procedemento de concorrència competitiva, é dicir, todos teñen dereito á prestación sempre que cumpran todos os requisitos, e non se trata de que un cumpra máis condicións que outro o que se lle valore nun nivel superior que a outro, polo tanto, di que non entende que é o que se está a discutir, xa que todos os que o soliciten e cumpran os requisitos teñen dereito ao servizo, e hai que ir resolvendo os expedientes a medida que vaian entrando, porque é así como está nas bases. Entre outras cousas, se houbese ese prazo de corenta e cinco días para facer a valoración de cada un dos casos en relación cos demais, non se entende por que se permite que se poidan recoñecer prestacións ou presentar solicitudes posteriores aos corenta e cinco días.

A continuación, lee en voz alta as bases: “De forma excepcional poderánse admitir solicitudes fóra deste prazo”, para explicar que non se está a falar dunha concorrència competitiva, insiste en que todos os posibles beneficiarios que cumpran os requisitos terán, en principio, dereito á prestación sempre que haxa fondos para iso, haberá un momento no que se agoten e se acabou, e será, evidentemente, a Corporación a que

decida se esa partida hai que incrementala ou non, en función da composición total e do gasto necesario no concello.

Repíte que non hai por que facer unha valoración de todos os casos na súa totalidade, e que de feito isto non está recollido nas bases. Di que están a falar do que están a falar, e que están a falar das bases que se presentan a aprobación, están a falar dun tema que preocupa á xente e hai xente que precisa deste tipo de prestación, e a ese respecto o goberno fixo moi ben en sacalo, outra cousa é que o mellor tivese sido que se tivera falado entre todos os grupos para sacalo adiante, e niso di que coincide ao mellor con don Manuel Marante Gómez ou con don Luis Miguel Taibo Casás, pero insiste en que o que están a falar é de aprobar ou non o que teñen enriba da mesa.

Concedida a palabra a dona María Jesús González Roel di que se todos deciden que o asunto se deixe enriba da mesa, pois se deixa. Ela non vai ser quen o impida, simplemente quere recordar que isto son unhas bases para o ano 2012, moi mellorables seguramente, pero que quedan seis meses, e, neses seis meses, van ter unha base de datos reais para o ano que vén.

Ela pensa que non hai que darlle tantas voltas ao tema, e que nunca pensou que ía dar tanto debate un tema como este onde está claro os que van ser os beneficiarios. A idea é, para o próximo ano, coa base de datos que se elabore, cos orzamentos que se poidan aprobar cunha partida suficiente, darlle servizo a todos os beneficiarios. Se se pode aumentar a partida, pois ela encantada da vida e oxalá se puidese aumentar ao dobre ou máis, que non ten ningún inconveniente, pero baseándose na realidade, onde os orzamentos son os que son, e que non teñen uns datos de usuarios fixos, ela pensa que non deberían atrasalo máis, non obstante, non ten inconveniente se deciden que quede enriba da mesa, pero ela pensa que se podería poñer en marcha, e para o ano que vén discutir de todo o que os demais queiran, xa que se pode mellorar moitísimo coas achegas de todos. Insiste en que non entende por que teñen que darlle tantas voltas pero que admite o que diga a maioría.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que o seu grupo non lle dá volta ningunha ao asunto, pero que o que lles preocupa é que esta prestación se dea xa, por iso han presentado os votos particulares. Dille a dona María Jesús González Roel que seguro que se pode, polo que o que el solicita é que se continúe a discusión, o tratamento dos votos particulares, e que se adopte o acordo que proceda, nada máis.

Dona María Jesús González Roel contesta que se pode relativamente, xa que se non saben o número de usuarios, e aproban cincocentos euros, no que lles queda de ano igual a partida é insuficiente, e van ter que andar cun montón de problemas. Ela insiste en que para o que queda de ano serían douscentos euros, co cal sería un promedio de catrocentos euros ao ano, polo que non estarían a falar dunhas cantidades disparatadas, aínda que o ano que vén poderían rectificalas.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que é unha mágoa que un tema tan sensible e de vital importancia non vaia consensuado ao Pleno. Bótalle en cara ao equipo de goberno que estes temas, entre todos, deben reunirse e levalos ao Pleno xa mastigados, para que sexan aprobados por unanimidade, isto é o que se debería de facer.

Cree que é de vital importancia, que canto antes, se aprobe este punto, especialmente para ir traballando incluso de cara ao ano que vén, para saber cantos usuarios van solicitar este tipo de servizo facendo unha base de datos.

Pregunta se a interventora lles pode explicar se, a medida que vaian entrando as solicitudes, se poden ir tramitando e concedendo, ou se hai que esperar ao prazo que di o PSOE no seu voto particular número tres, xa que se é así, o que hai que facer, non será aumentar o prazo senón reduci-lo, reduci-lo dando un prazo para que a xente poida recompilar toda a documentación e presentala. O mellor en vez de aumentar o que hai que facer é reducir a trinta ou vinte días.

Concedida a palabra á Sra. interventora manifesta que o que ela entendeu ao ler as bases é que eran axudas concedidas en réxime de concorrencia competitiva, e polo tanto habería que agardar a que se presentaran todas as solicitudes.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás repite que hai establecidas unhas bases para unhas persoas determinadas cunhas discapacidades e rendas tamén determinadas, e que, entón, están a discriminar a outra serie de persoas que non cumpren estas bases pero que necesitan ese transporte en Cambre.

Di que hai cantidade de xente en Cambre que igual ten poder adquisitivo, e non cumpren estas bases pero que necesita o transporte e os están a discriminar. Reitera o que xa dixo antes, e que iso está contemplado na base cuarta, e que por iso insiste en que isto debe estar un pouco máis madurado. Hai xente que ten un dereito ao transporte para poder moverse, e ese dereito llo están a quitar porque están establecendo unhas bases restritivas neste sentido. Finalmente volve dicir que pensa que hai que darlle bastantes máis voltas ao tema.

Dona María Jesús González Roel contesta que non é unha base restritiva, que se trata do servizo dun taxi adaptado, onde eles lle dan unha axuda económica ás persoas coas rendas familiares máis baixas pero non privan do dereito a ninguén, simplemente se subvenciona ás persoas cunha renda baixa con algo, se lles subvenciona algo dese servizo, pero insiste en que non privan a ninguén do servizo.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández di que a Sra. concelleira estaba a dicir que isto é un estudo, e se é así pregunta que inconveniente teñen en que o estuden entre todos. Iso por un lado, e por outro, dille ao Sr. alcalde que a palabra, que pensa que xa a dixo un membro do seu equipo de goberno, é consensuar.



Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López di que o importante é aprobar o asunto canto antes, e que logo xa o irán mellorando, pero sobre todo aprobalo canto antes. Insiste en que se é necesario baixar o período para presentar as solicitudes pois se baixa. El entendeulle á Sra. concelleira de Servizos Sociais que se algunha solicitude entraba fóra de prazo, sempre que leve o informe do traballador social, se terá en conta. Remata dicindo que canto antes saquen o asunto mellor.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que en relación coa interpretación que se fai en canto ao prazo, entende que tanto o voto particular como o texto da base parecen claros, trátase dun prazo de presentación de solicitudes para unha subvención, pero non se trata dunha subvención de concorrencia competitiva porque non se establece unha ponderación dos expedientes, e pregunta como se vai valorar cada expediente, porque para que se poidesen valorar e tivesen que esperar os noventa días, terían que aprobar uns criterios de ponderación de cada persoa e outorgarlle unha puntuación e todo isto non se produce, di que se contempla como un dereito ata que se remate a partida. Polo tanto, di que se aplican a Lei de procedemento administrativo, trátase dun prazo de presentación de solicitudes sen máis, e como tal dará lugar a un procedemento individual para cada persoa.

Non obstante, di que se existía dúbida sobre isto, porque a concelleira de asuntos sociais nun primeiro momento o interpretou nese mesmo sentido, e a interpretación que se deu dende os servizos técnicos é posterior á votación, parécelle que o axeitado tivese sido introducir eses criterios xurídicos antes de votar.

Concedida a palabra a dona María Victoria Amor Prieto di que o que lle chama moito a atención, e que xa se dixo varias veces, é que os servizos sociais en Cambre non saiban cantas persoas se están a beneficiar do 065 e a cantas persoas lles foi denegado este servizo. Continúa dicindo que despois de que leven un ano en Cambre, estráñase de que non teñan ese dato.

Dona María Jesús González Roel contesta que como se levasen alí corenta anos, que é un dato que non teñen porque hai persoas que tramitan todas estas axudas a través da Xunta de Galicia directamente, co cal, en servizos sociais non hai datos desas persoas, esa é a cuestión. Non é que leven un ano, nin catro nin corenta, eles non teñen ese dato, e non llo dan pola Lei de protección de datos.

Dona María Victoria Amor Prieto di que non se trata dos datos, que é o número, e que iso si o dan sen lugar a dúbidas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para contestarlle a dona María Victoria Amor Prieto que eses datos non se poden dar, e que se a el llos deran, os denunciaría por infrinxir a Lei de protección de datos.

O Sr. alcalde pide orde no pleno, e dálle un toque de atención á concelleira do BNG, dicíndolle que non está en uso da palabra.

Continua coa palabra o Sr. alcalde expoñendo que se fixo unha proposta consistente en poñer un servizo complementario, no cal Cambre non ten experiencia, nen ten un vehículo adaptado para facelo. Explica que se contactou cun taxi adaptado e que se chegou a un acordo para que o taxi poida entrar en Cambre para prestar ese servizo. Di que a xente que teña poder adquisitivo non ten máis que chamalo, e que esa xente pode incluso chamalo hoxe e failles o servizo perfectamente.

Engade que para a xente que non ten poder adquisitivo é para quen se aprobou unha partida de dez mil euros para que poidan dispoñer do servizo. Iso é o que están a tratar de aprobar e de poñer en funcionamento, para saber como funciona e, nos orzamentos do ano que vén, incluír a partida que ten que haber para dar un servizo serio.

Continúa dicindo que dada a situación que se presentou, este tema vai ter que quedar enriba da mesa, co cal vaise atrasar polo menos un mes a súa aprobación. Di que como alternativa, poden aprobalo en precario tal e como está, poñelo en funcionamento, e unha vez posto en funcionamento, aprobar as partidas necesarias para ese servizo. Insiste en que agora o que teñen é o que hai, e que iso é o que lles propón o equipo de goberno.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que pensa que non hai problema. Di que posto que todos teñen moitas lagoas respecto ás bases, el propón que para a semana que vén, por exemplo o luns, se faga unha xunta de voceiros, que se miren todos os puntos onde hai dúbidas, e que se faga un pleno extraordinario a semana que vén sen cobralo os concelleiros que cobran por asistencia, que se traian as cousas estudadas e que se aclaren todas as dúbidas. Explica que o pleno extraordinario pódese facer pola tarde ou pola mañá para aprobar o asunto e sen cobralo, que por el non hai problema.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno expón que o Sr. alcalde está no seu dereito de retirar o punto da orde do día, co cal decaerían os votos particulares que eles poidan presentar.

Continúa a dicir que facer unha formulación de chantaxe, por dicilo dalgunha forma un pouco forte, onde se acepta a proposta tal e como vai ou se non retírase, é só responsabilidade do propio alcalde que o servizo se atrase un mes máis en poñerse en marcha, e insiste en que é a estrita responsabilidade do alcalde, e que o alcalde deberá de responder diante dos beneficiarios.

Di que o alcalde, ou todos, deben poñer unha solución para resolver o tema, e que a fin de contas a quen lle corre présa é aos eventuais beneficiarios, e na súa opinión teñen que saír co asunto resolto hoxe mesmo. Pide que se busquen fórmulas para solucionalo, que el mesmo pode reformularse algúns dos votos particulares, pero volve pedir que se saque o asunto adiante, que tampouco son tantas as cousas que os separan como para entrar nunha xunta de voceiros e pleno extraordinario que non se vai cobrar... e pregunta

que por que non o fan agora, que tampoco están falando de que se douscentos ou cincocentos euros, que están a falar de se corenta e cinco ou noventa días.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que non lle vai admitir que lle diga que lles está a facer chantaxe.

Don Augusto Rey Moreno interrompe ao Sr. alcalde e este chámalle a atención dicindo que non está no uso da palabra e que el mesmo non o interrompeu durante a súa intervención.

Continúa o Sr. alcalde dicindo que non vai admitir que lle digan que está a facer chantaxe, porque a proposta do servizo quen a presenta é o equipo de goberno para poñela a funcionar canto antes, e di que quizais xa tiña que estar antes pero que os trámites administrativos ás veces, non o permiten, e explica que por fin puideron traela, quizais, xa o dixo a concelleira, mellorable, pero cunha partida orzamentaria que non hai máis, é a partida que hai, e cos votos particulares que don Augusto Rey Moreno presentou pretende aumentar de repente, sen saber o servizo que se vai prestar, a partida orzamentaria multiplicada por dúas veces e medio, sen saber sequera, se de verdade se vai usar.

Polo tanto, o Sr. alcalde di que o mellor é poñer a funcionar o servizo para ver como funciona, por iso el propuxo aprobalo, porque se non atrasan todo un mes máis, e na súa opinión non convén atrasalo. Se o aproban como está, ven os fallos que ten e en posteriores plenos xa terán tempo a rectificar, ver de onde sacar máis diñeiro se fai falta, etc., pero insiste en que primeiro hai que poñelo a funcionar, que é como todo.

Continúa a dicir que esta experiencia Cambre non a tiña, van poñela en funcionamento, e unha vez en funcionamento teñen que facer o que teñen que facer, que para iso son o Pleno do concello de Cambre.

Finalmente di que todo isto é a súa opinión, e que agora depende dos demais. Aclara que el ten a potestade de retiralo da orde do día, pero que depende dos demais membros do Pleno se o aproban ou non, e di que se non queren votalo, pois que o retira.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás expón que o Sr. alcalde di que isto é unha proposta do goberno, pero que hai algún membro do goberno que non apoiou a proposta, senón que apoiou a proposta de EU, como acaba de dicir agora don Manuel Marante Gómez. Pensa que, ao mellor, non teñen que reunirse o luns, senón que igual deberían reunirse mañá mesmo, porque preocúpalles a todos, e tanto é así, que o seu grupo, hai moi pouco tempo, preguntou nun pleno como se ían xestionar eses dez mil euros. Reitera que eles si se preocuparon por preguntar e por saber como estaba a situación. Insta a poñerse a traballar no tema coa máxima premura, e que ao mellor non perden tanto tempo como din.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez pide que non se confundan as cousas e di que el está no pleno para apoiar a proposta do goberno, que para iso a traen. Expón que vendo o que está a ver, pois o que fai é unha proposta como persoa e como concelleiro, non como membro do goberno ou da oposición.

Di que como concelleiro está a dar a súa opinión do que lle parece máis coherente segundo o que está a ver deste pleno. Poden discutilo mañá nunha xunta de voceiros, el dixo o luns por dicir algo, pero a el dálle igual. Continúa a dicir que hai moita urxencia en sacar adiante a proposta porque hai moitas persoas implicadas nisto, pero hai que sacala con coherencia, o que non poden é sacar unha cousa na que hai unha serie de dúbidas, de modo que cando veña un cidadán ou veciño a presentar a solicitude, xurdan as dúbidas e os problemas.

Polo tanto di que hai que ter as cousas claras para cando veñan os veciños, e se teñen que esperar unha semana máis por facer un pleno extraordinario para a semana que vén, pois non pasa nada. Pero que hai que telo claro e saber que van facer, porque senón o que vai haber é un lío que despois nin vai funcionar unha cousa nin outra, así que pide responsabilidade, e se as cousas non están suficientemente claras para todos, se hai bastantes dúbidas como se está a ver, xa que levan unha hora discutindo sobre o tema, el pide que se aclaren as cousas e que todos sepan o que fan. Finalmente engade que unha semana tampouco é un gran atraso despois de levar tantos anos sen nada.

Toma a palabra o Sr. alcalde para chamar a atención aos concelleiros, dicindo que non vai permitir esas manifestacións no pleno. Di que el non lles interrompe cando eles falan, nin se pon a murmurar cando outro concelleiro fala. Pide que manteñan as formas por educación e por respecto aos demais concelleiros.

Dille ao voceiro do PSdeG-PSOE que o tema ten dúas vertentes, e explica que el sabe que poden estar falando moito tempo deste asunto.

Expón que eles fixeron unha proposta, unha proposta mellorable, que non o dubida, e cos votos particulares parécelle moi ben, xa que é unha proposta que pode ter erros como todo o que se inicia por primeira vez.

Manifesta que teñen dúas opcións, deixalo enriba da mesa, discutilo nunha xunta de voceiros e noutro pleno, ou votar a proposta tal e como está, poñelo a funcionar, e non ter en conta os votos particulares e di que iso depende de don Augusto Rey Moreno, poñer a funcionar e mellorar o servizo que é o mesmo que dixo antes. Engade que para isto el ten que contar con don Augusto Rey Moreno e co seu grupo, porque senón a opción e deixalo enriba da mesa, e a próxima semana facer unha xunta de voceiros e un pleno extraordinario, e insiste en que depende do voceiro do PSdeG-PSOE.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno di que non poden pasar ao grupo municipal do PSOE a responsabilidade dun mal traballo do equipo de goberno, pero di que non vai entrar niso, e ademais retira o que dixo antes respecto da chantaxe, se é que

o Sr. alcalde o tomou a título persoal, di que non era a súa intención. Explica que era unha disxuntiva na que o alcalde facía caer a responsabilidade sobre o PSOE como o está a facer agora, sobre que o asunto saia adiante ou se paralice al menos durante algún tempo.

Continúa a dicir que hai unha terceira vía, que antes se votaron uns votos particulares que saíron adiante, e que se esos votos particulares se recollen, el non ten ningún problema en celebrar a semana que ven un pleno extraordinario para acabar o resto de puntos nos que agora mesmo hai diferenzas.

Expón que a vontade do Pleno quedou clara, queren que o importe do servizo sexa por cincocentos euros, o segundo voto retirouse porque había un erro na formulación, e no terceiro voto particular, que era o dos noventa días, aprobouse por unanimidade, aínda que se pode volver aos corenta e cinco. Non obstante pide que se manteña o que se dixo e votou no pleno, e a partir de aí que poden falar todo o que queda, coa intención de que isto se poña en marcha o antes posible.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, expón que hai un problema, que dende o principio el dixo que quizais o máis conveniente era discutir todos os votos particulares xuntos en vez de facelo un por un, xa que todos teñen vinculación, e explica que hai unha vinculación moi seria, que é que as bases da convocatoria din que a partida orzamentaria son dez mil euros. Lembra que a partida que se aprobou polo Pleno é de dez mil euros, e coa proposta que fan os seus compañeiros, habería cincuenta posibles beneficiarios a razón de douscentos euros cada un, mentres que coa modificación proposta, hai vinte, porque son cincocentos euros por vinte, polo que están a falar de que trinta potenciais persoas que poderían beneficiarse, desta forma non se van beneficiar.

Continúa dicindo que se os demais o queren discutir pois terán que discutilo, pero o problema é aceptar iso sabendo que vai haber trinta persoas que non se van poder beneficiar. Di que todos saben cales son os trámites para modificar unha partida orzamentaria. Se poñen funcionamento o servizo con esas modificación, terán que agardar a que se presenten as solicitudes, pasar os noventa días e unha vez pasados os noventa días terían que poñerse a facer unha modificación orzamentaria no prazo no que teñen que presentar os orzamentos. Engade que estarían no mes de setembro e que é vontade deste goberno, segundo manifestou o Sr. alcalde e segundo manifesta el mesmo, que os orzamentos estean aprobados definitivamente antes de que finalice o ano.

Pídelles que conten noventa días, e poderán ver que se poñen en setembro, no prazo que teñen para presentar a proposta de orzamentos. Engade que el cree que ese é o sentido da proposta que fai o Sr. alcalde, deixar a proposta tal e como está e que se teñen que ampliar a cincocentos euros, facelo nos seguintes orzamentos.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno di que o grupo socialista non fixo un traballo nin contactou cos veciños para retirar todo agora, di que el fixo unha proposta que considera adecuada, no sentido de que o pleno se pronunciou con respecto a un tema en concreto. Engade que poden falar tamén respecto da cantidade da subvención dos cincocentos euros, e da partida orzamentaria, se teñen que ser dez ou vinte e cinco mil. Continúa a dicir que queda todo aberto, e di que o fixo a propósito, que non presentou un voto particular nin solicitou unha modificación de crédito porque entendeu que era algo que, entre outras cousas, ten que ser o equipo de goberno quen diga de onde vai sacar un diñeiro.

Expón que por todo iso fai a seguinte proposta e pide que onde se aprobaron os cincocentos euros, que se manteña, e que falen todo o demais. Pregunta cal é o problema.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que o Sr. Rey Moreno sabe perfectamente cales son os trámites para facer unha modificación orzamentaria, que non fai falla que el o explique.

Don Augusto Rey Moreno replica que tamén saben o que é unha transferencia de crédito.

Don Felipe Andreu Barallobre di que si, pero entón pregunta que fan, se lle quitan a unha partida de servizos sociais para darlle a outra partida de servizos sociais.

Don Augusto Rey Moreno contéstalle que iso teñen que falalo, e que non poña todo en negro porque tamén hai en branco.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que el non o pon en negro, di que eles están dispostos a falalo, só que consideran un erro, e así o levan falando toda a tarde, que se aposte porque vinte persoas reciban máis diñeiro, cando o que eles pretenden é chegar ao maior número de xente co diñeiro que hai, que son dez mil euros, que non hai máis, e que polo de agora vai seguir habendo dez mil euros. Di que pospoñelo ao mes de xullo, é un mes máis para a aprobación definitiva, polo menos ata o mes de agosto, e que a finais de agosto, comezo de setembro, vai haber dez mil euros, nada máis.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que el non vai entrar nas capacidades que ten o goberno para conseguir fondos noutras administracións, e que ao mellor habería que falar dese tema. Expón que isto é un marrón, falando en prata, que vén da Xunta de Galicia, e dito isto, el segue a manter a mesma formulación, que é falar, dende a óptica de facelo o máis rápido posible, para començar a dar a prestación pero que hai que manter os acordos que hoxe se aceptaron no pleno, que é o dos cincocentos euros, e que a partir de aí poden falar de todo o demais.

Engade que, ademais, sempre está na súa man retirar o punto do orde do día, que el mesmo non cre que sexa unha solución, que hai que buscar consensos, e que a súa proposta é manter os acordos aprobados e a partir de aí falar de todo o demais.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre sinala que, ou se retira ou non se retira, pero non se trata de retiralo con condicionantes.

Concedida a palabra a dona María Jesús González Roel manifesta que están a acusala de que non se fixo un traballo, e di que si se fixo un traballo. Engade que hai un rato díxéronlle que non se fixera un traballo ben feito, e expón que se fixo un esforzo moi importante para facer este traballo, ideas, negociacións e falar con moitísima xente, que o poden decir os taxistas, Eurotaxi e os traballadores que traballaron nas bases, como así mesmo o equipo de Secretaría e de Intervención.

Explica que se fixo un traballo, seguramente mellorable como todo, pero que non lle parece serio as novas cuestións que propoñen así, pois a partida é a que é, e só lles quedan seis meses para poder valorar perfectamente este servizo. Insiste en dicir que lles quedan seis meses de traballo, di que estas persoas levan un montón de tempo sen o servizo, pero que teñen seis meses para estudialo, e que xa están cos novos orzamentos e aí si que poden meter unha partida, pero ela non pode facer unha transferencia doutras partidas de asuntos sociais, porque non pode quitar de ningunha outra partida de asuntos sociais, xa que están no límite en todas.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández dille á Sra. concelleira que el reconece todo o traballo que se fixo, pero se ben non cabe dúbida ningunha sobre que só faltan seis meses, tamén é certo que xa pasaron outros seis. Polo ben deste tema pregunta se non poden consensualo entre todos, á vez que se logra un apoio xurídico dos técnicos, porque se xa levan seis meses, tamén poden pospoñelo dous o tres días máis e chegar a un consenso entre todos, aunque só sexa por unha vez.

Toma a palabra o Sr. alcalde para expoñer que a proposta que leva o goberno é a proposta que leva o goberno. Di que se votaron uns votos particulares, dous que se aprobaron e un que se retirou. Respecto dos noventa días de prazo segue a dicir, que os servizos xurídicos do concello valorarán o término dos noventa días como se aprobou polo Pleno.

A continuación diríxese expresamente a don Augusto Rey Moreno para dicirlle que se quere seguir adiante, pois que siga co cuarto voto particular, porque, dende logo, o que quere o goberno é que empece a funcionar o servizo mañá ou pasado mañá.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o terceiro voto particular se aprobou en función de que os expedientes se foran ir resolvendo segundo entraran, cousa que se discutiu despois, porque di que o punto co que levan unha hora é precisamente co terceiro punto, e di que tanto a interventora como o propio alcalde non

interpretan iso, e que o grupo de EU tampouco interpreta iso, polo que haberá que resolvelo dalgunha maneira.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez reitera repetidamente que parecen nenos. Manifesta que si se retira da orde do día o punto, pois retirárase todo, e se hai algo que se aprobou di que será porque están convencidos de que deben de facelo así todos os que o apoiaron. Polo tanto pregunta que cal é o problema que hai, posto que se todos están de acordo, xa se recollerá na xunta de voceiros. Di que están a discutir si retiralo, pero uns queren retiralo con isto ou co outro, reitera que se están de acordo en que se aprobou, loxicamente están todos de acordo en que iso xa se incluírá na xunta de voceiros.

Engade que lle están a dar voltas ás cousas e non sabe para que. Di que si se retira se retira con todo, e con todas as consecuencias, o que está aprobado é porque están de acordo e porque queren incluílo na xunta de voceiros.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta a título personal e non sabe xa se tamén a título profesional, que se eles teñen esas dúbidas, e se incluso a súa interpretación non coincide necesariamente coa da interventora, entón é fundamental ter un asesoramento para non confundir aos veciños, polo menos dende a súa óptica persoal, e di que xa non fala como membro do grupo Popular. Di que é preferible perder unha semana e facer algo no que estén perfectamente de acordo, que non facer algo no que teñan serias dúbidas e poder confundir aos veciños.

Toma a palabra o Sr. alcalde para preguntarlle a dona María Jesús González Roel se está de acordo en deixar o asunto enriba da mesa.

Dona María Jesús González Roel contesta que si, pero que non o comparte, porque pensa que isto era un punto de partida, repite que non comparte para nada as opinións que escoitou. Di que o admite porque é o que quere a maioría, e que se a maioría o aproba ela o admite tamén, pero reitera que non o comparte porque isto tratábase dun punto de partida e podían limarse asperezas, pero que sempre en positivo, é dicir, comezar a traballar, comenar a ver os problemas cos que se van atopar, porque di que seguro que se van a atopar con problemas a pesar das propostas que se fagan.

Continúa dicindo que é mellorable, que xa o dixo con anterioridade, pero que era un punto de partida, para que cando se atopen con estes problemas que van ter e máis outros, poder nos próximos orzamentos ter as cousas claras, ter o número de usuarios, saber se este diñeiro é a todas luces insuficiente, pero xa cunha partida orzamentaria en condicións. Di que esta é a súa opinión pero que se atinxe ao que a maioría decida.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que retira este punto da orde do día e que van deixalo enriba da mesa. Continúa a dicir que van facer unha xunta de voceiros e un pleno extraordinario para aprobar este asunto unha vez estudado, e di que o fan co primeiro voto particular do PSOE aprobado polo pleno posto que non o queren retirar.



### **5º Proposta de modificación do Inventario de camiños e vías públicas municipais para dar de baixa o camiño codificado co n.º 00106 na parroquia de Sigrás**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 21 de xuño de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 26 de xuño de 2012.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que tanto na xunta de voceiros como nas comisións xa explicaron este asunto, e que se trata de que teñen a obriga de dar de baixa un camiño do inventario, e que como se trata dunha sentenza non é unha cuestión moi opinable.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster, e lémbbralles a importancia que ten, en vista da sentenza e doutros temas, rematar co inventario dos camiños municipais.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que o afán e o empeño do goberno, e particularmente del mesmo, xa que é o concelleiro de Patrimonio, é que se aprobe o inventario, e que, de feito, calquera outro membro do goberno pode dicirlles que se está a traballar moi duramente neste tema e nas instrucións, que se aprobarán en canto se poida.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández, voceiro suplente de UxC, pregunta en que situación quedan as vivendas que estaban totalmente legalizadas nese camiño cando era vía pública.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que as vivendas quedan fóra de ordenación.

Don José Antonio Orosa Fernández pide que, para os que non entenden moito destes temas, se explique que é o de fóra de ordenación.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explícalle que o de fóra de ordenación dáse moitas veces, que hai moitas vivendas dentro do concello en situación de fóra de ordenación. Este tema o recolle a Lei 9/2002 e consiste en que só se poden realizar obras de conservación e mantemento, que nunca se poderían facer, por exemplo, ampliacións de volúmenes, di que é soamente iso, que non lle van poder aumentar un piso ás vivendas, pero si van poder cambiarlle as tellas á cuberta.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández pregunta se van prexudicar ás persoas que teñen a súa casa totalmente legal e con licenza revertendo agora o estado do camiño.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que non é cuestión de que as vaian a prexudicar ou non, di que eles teñen a obriga de acatar as sentenzas dos tribunais, e que teñen un mandato dun tribunal que lles di que ese camiño non é público e, polo tanto, a súa obriga é declarar que ese camiño non é público e excluído do inventario de camiños municipais. Repite que non é unha cuestión moi opinable porque o único que lles queda e acatar a sentenza.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández di que é a súa obriga para coas sentenzas, pero que todas as sentenzas son recorribles, e que entón hai que ver se o que lles interesa é defender aos veciños tomando unha postura ou outra.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que é unha cuestión basicamente entre particulares, e ademais, a sentenza non é recorrible porque todo o que era recorrible xa se recorreu. Explica que a sentenza é firme e que non hai máis opción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM (PGD), explica que hai uns anos atrás, dábanse licenzas para facer vivendas sempre que houberse un camiño ou un acceso rodado ata a parcela, e o acceso rodado non tiña por que ser público, iso ata hai uns anos. Dende entón, os accesos teñen que ser públicos e senón, non se lles dá licenza.

Expón que no caso dese camiño, houbo para todos os gustos, e agora hai unha sentenza onde se di que non é público, pero que non pasa nada, que simplemente non poden ampliar, etc. Continúa dicindo que teñen dereito a pechar, facendo os peches pegados ao camiño deixando o paso dunha máquina e nada máis. Iso é o que hai, se hoxe en día estivera como camiño de servizo non podería haber ningunha casa alí, pero antigamente si se daban licenzas aínda que fose un camiño dese tipo. Engade que as cousas coinciden así, que as vivendas quedan fóra de ordenación e que non hai outro problema.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que o tema dos camiños é un problema bastante grande no concello, sobre todo mentres non exista o inventario, e engade que a este respecto xa presentaron unha moción hai tempo, para que se fixese o inventario de camiños públicos, para regular, catalogar, delimitar, xestionar e protexer o que son os camiños do concello. Di que tamén presentaron outra moción para que se fixese unha ordenanza municipal dos camiños públicos para o seu uso, sinalización, etc.

Expón que neste caso hai unha sentenza na que, como dixeron, non se pode formular ningún tipo de recurso, e eles van respectar esa sentenza porque non pode ser doutro xeito. O que queren saber é que vai pasar cos servizos que hai agora nese camiño, como o da luz, servizo rodado, etc. Ao non considerarse xa como camiño público, preguntan que vai pasar cos servizos públicos que se están a prestar por parte do concello.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, explica que loxicamente se o camiño non é público, pois por exemplo, a iluminación haberá que retirala, ou que se costee polos veciños. En canto ao saneamento, iso non ten ningún problema ou non debería telo, xa que pasan co saneamento por moitísimos terreos privados para dar servizo aos núcleos, polo que non debería ter problema. En canto á iluminación, volve repetir, que ao mellor, efectivamente, hai que retiralo, agás que se chegue a un acordo cos veciños e que o costeen eles.

Continúa a dicir que iso habería que miralo cos técnicos, que el está a falar un pouco sobre o que lle parece a el, pero cree que os técnicos teñen máis información que a que pode dar el, pero que, en principio, o saneamento e a auga pasa por moitos terreos privados para dar servizo aos núcleos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol, os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por once votos a prol, acordou:

Modificar o Inventario de camiños e vías públicas municipais aprobado en sesión plenaria de 25 de febreiro de 1999, dando de baixa o camiño situado no Gaitero, Sigrás, codificado co número 00106.

#### **6º Mocións ou propostas urxentes**

O Sr. alcalde explica que non hai mocións ou propostas urxentes, porque a propia moción/rogo presentada polo BNG xa pon que é un rogo, e a presentada por EU non é unha moción senón un rogo, polo que van pasar a tratar o punto n.º 7 da orde do día.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, pregúntalle ao Sr. alcalde por que a moción que presentou EU é un rogo e non unha moción.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que simplemente é porque non é competencia municipal facer o que pide.

Dona María Olga Santos López pregunta se a elaboración do censo non é competencia municipal.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que, sobre todo, non é competencia do pleno, e que non se van poñer a falar do asunto sen antes lelo. Di que xa llo explicará no momento dos rogos, que sobre todo é competencia do Catastro e da Deputación facer o que eles están a pedir.

Dona María Olga Santos López di que, de todas formas, tenlle que motivar que non é unha moción, independentemente de que despois debatan ou non o asunto, pero que se

pasan do punto de mocións ao punto de rogos, evidentemente xa non vai ser unha moción, vai ser un rogo, por iso lle pide que lle motive por que non é unha moción.

Don Felipe Andreu Barallobre di que el xa lle está a dicir por que non é unha moción, e volve a explicar que non é unha moción porque o que eles piden non é unha competencia municipal, nin moito menos do pleno, senón que é unha competencia do Catastro, e no seu caso, da Deputación.

Dona María Olga Santos López sinala que iso sería respecto do primerio punto, é dicir, que o Concello de Cambre, polo que lle afirman, non é competente para facer un censo de bens a nome da Igrexa ou doutro tipo de confesión. Pregúntalle ao Sr. concelleiro se efectivamente lle está a indicar iso último.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que, sinxelamente, o que presentou EU é un rogo e non unha moción.

Dona María Olga Santos López reitera que lle teñen que argumentar o por que.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que xa lle explicou, polo menos dúas veces, por que non é unha moción, e pregunta se pretende que llo repita unha terceira.

O Sr. alcalde expón que se quere o volve a explicar a Sra. secretaria, que el recorre a ela porque a ten de asesora, para que lle explique o que é unha moción e un rogo.

Dona María Olga Santos López di que se lle permiten un instante, que non é por discutir, que simplemente saben que a exposición da secretaria no pleno pasado foi absolutamente extensa e locuaz, saben perfectamente que a moción ten que ser resolutiva, que non pode instar a outro tipo de administracións, e que iso o ten absolutamente claro, todo iso segundo o Regulamento orgánico municipal, pero o que pasa é que con anterioridade tiñan o mesmo Regulamento orgánico municipal e si admitían eses escritos como mocións, supón que esa é unha característica puntual do Concello de Cambre e a aceptan porque non lles queda outro remedio.

Continúa a dicir que, de todas formas, a súa pregunta é se o Concello de Cambre, e neste caso o Pleno da Corporación, pola maioría que sexa, poden aprobar que o concello realice un censo de bens que estean a nome da Igrexa ou a outras confesións relixiosas, si ou non. Se lles din que tecnicamente e afirmativamente non teñen competencia, evidentemente o formularán como rogo, tanto no primeiro punto como no segundo, onde piden o informe do coeficiente redutor de taxas.

Don Felipe Andreu Barallobre di que o vai repetir por terceira vez, e volve a reiterar que o Concello de Cambre, e por suposto o Pleno, non son competentes para facer ningún censo que requira utilizar os datos do Catastro, que están a disposición do Catastro ou na Deputación, e sobre o segundo punto, di que xa lle están a pedir ou rogar que lles dea

unha información, nin sequera é resolutivo, senón que lle están a pedir unha información, entón explica que é un rogo, non é unha moción.

Dona María Olga Santos López manifesta que, entón, neste caso o deixan como rogo.

**7º Moción relativa a instar ao presidente da Xunta de Galicia á eliminación do canon da auga, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do previsto no art. 46.2 e) da Lei 7/1985 e art. 125 do Regulamento orgánico municipal**

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que a moción que presentan vén a consecuencia doutra moción presentada no pleno de xullo do ano pasado, e que agora, por desgraza, van sufrir nas súas carnes unha actuación que na súa opinión é inxusta e desproporcionada de Augas de Galicia, e por tanto, tamén do presidente da Xunta de Galicia.

Dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 8432 o día 20 de xuño de 2012, que consta do seguinte teor literal:

“A Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, foi publicada no DOG do 18 de novembro de 2010, estando vixente dende o día 18 de decembro do mesmo ano.

Esta lei foi proposta polo goberno Feijóo e aprobada polo Parlamento de Galicia cos votos a prol, en solitario, do Partido Popular e sen recollerse ningunha das propostas realizadas polos concellos integrados na Federación Galega de Municipios e Provincias.

Esta disposición afecta a todos os consumidores de auga, tanto particulares como empresariais, que reciban a subministración por redes municipais, traídas veciñais ou, incluso, por pozos particulares artesáns ou de barrena.

Nela créase un imposto, baixo a denominación de canon da auga, que substitúe ao canon de saneamento, e que se recadará por todos os concellos coa obriga de ingresar o recadado nas arcas da Xunta de Galicia.

Segundo manifestacións realizadas en pasados días polo presidente de Augas de Galicia, o canon da auga entrará en vigor proximamente, en concreto, o 1 de xullo de 2012.

Este novo imposto incrementa dun xeito desmesurado e inxusto o custo da auga para os consumidores, e máis tendo en conta o momento de dificultades que están a pasar as economías de moitas familias e empresas.

Basta dicir, a modo de exemplo, que se unha familia de dous membros, residente en Cambre, con subministración de traída e un consumo mensual de 13 metros cúbicos, vén aboando na actualidade polo concepto de canon de saneamento 2,72€, pasará a ter

que pagar, polo mesmo volume de auga consumida, en concepto de canon, 4,42 €. Isto é, un 62,5% máis.

En canto aos propietarios de pozos, que ata agora non pagaban cantidade ningunha, co novo canon pasarán a pagar a teor do volume de auga realmente consumida ou a que a Xunta estime que podería ter consumido. Para controlar a auga consumida os titulares dos pozos terán que instalar, á súa costa, contadores homologados.

Na sesión plenaria celebrada o 21 de xullo de 2011 este grupo xa presentou unha moción instando á derogación da Lei de augas de Galicia. A mesma contou co voto a prol de todos os grupos do concello, a excepción do Partido Popular e Partido Galeguista Demócrata que se abstiveron.

Hoxe é momento de que a totalidade da Corporación, co seu alcalde á cabeza, manifesten claramente ao presidente da Xunta de Galicia o seu total rexeitamento a esta medida impositiva, absolutamente inxusta e desproporcionada, que o único que vai lograr é prexudicar, aínda máis, as xa de por si depauperadas economías das familias e empresas do noso concello, e para iso o procedente é poñer no seu coñecemento, dun xeito directo e persoal, a opinión maioritaria do noso concello de rexeitamento desta nova carga impositiva, instándolle a que modifique a Lei de augas de Galicia, eliminando o denominado “canon da auga”.

Por todo o anterior, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao goberno municipal a seguinte proposta de actuación:

Instar ao alcalde de Cambre a que, na súa condición de presidente da Corporación, se dirixa ao presidente da Xunta de Galicia solicitándolle cita para manter unha reunión na que, acompañado dos voceiros de todos os grupos municipais, se lle comunicará o sentir da Corporación de rexeitamento do imposto do canon da auga e a solicitude da adopción de medidas para a modificación da Lei de Augas no sentido de formular a súa definitiva eliminación.”

Toma a palabra o Sr. alcalde, quen manifesta que el non ten inconveniente en dirixirse ao xefe do executivo autonómico, e pedirlle unha cita en nome dos voceiros, pero segue a dicir que é unha opción curiosa porque o grupo de don Augusto Rey Moreno ten representación parlamentaria no Parlamento de Galicia, e di que estas propostas son para presentar no Parlamento de Galicia. El bríndase a pedirlle cita ao Sr. Núñez Feijóo mentres sexa presidente, pero engade que tamén é certo que el ten o decreto, e que o que dixo en principio don Augusto Rey Moreno, non é verdade lendo o decreto.

Continúa a dicir que na moción pon como exemplo que por 13 metros cúbicos, que se viñan aboando con anterioridade polo concepto de canon de saneamento 2,72, pasarán a aboar polo mesmo volume de auga consumida en concepto de canon 4,42. Di que xa lle dirán onde pon iso no decreto, porque el non o encontrou, é máis, o decreto fala dos 15

metros cúbicos, e iso significa exactamente 1,04 euros ao mes de subida, para 15 metros cúbicos.

Segue a dicir que con respecto dos pozos, que segundo o Sr. Rey Moreno é o que máis temen os veciños de Cambre, van estar exentos porque van ter unha bonificación do 90% no canon da auga, por exemplo, nunha vivenda con tres persoas pagaríanse 43 céntimos ao mes, ou o que é o mesmo, 14 céntimos por persoa e mes.

Pregúntalle a don Augusto Rey Moreno se el cree que a Xunta, para recadar 14 céntimos, vai poñer un servizo de control para cobralos. Di que están a falar para 15 metros cúbicos, que están totalmente exentos, e que iso o pon a propia Lei de augas. Explica que os pozos particulares e as comunidades de usuarios terán un 90% de bonificación e non se verán obrigados ao seu pago, iso é o que pon a propia Lei de augas.

Engade que tamén quedan exentos do pago os usos agrarios, gandeiros e forestais. Segue dicindo que a lei non obriga á instalación de contadores, e di que os que non dispoñan deles poderán acollerse a outros sistemas de estimación obxectiva. Insiste en que iso é o que pon a lei, que poderán acollerse. O que efectivamente di a lei, é que os pozos e os servizos agrícolas están exentos nun 90%.

Conclúe dicindo que, a lei é moi extensa, pero se o principal que teñen que ver é iso, dille a don Augusto Rey Moreno, que se el está disposto, que pide a cita ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, e cando lle responda, el falará cos voceiros para que os reciba.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno reitera en todos os seus termos a moción tal e como se presenta. Explica que o cálculo que se fixo é sobre o seu consumo familiar persoal e está refrendado por unha conversación mantida con técnicos de Augas de Galicia, así que di que nese sentido, cando queira o Sr. alcalde faille o cálculo, aínda que cree que non é momento, pero que xa verá como sae.

Continúa a dicir que en canto a que o PSdeG-PSOE teña presenza no Parlamento de Galicia, e que por iso teña que presentar este tema alí, non está de acordo, porque di que o marrón, e pide desculpas pola expresión, cáelle ao Sr. alcalde e ao equipo de goberno. Explica que vai ser o equipo de goberno quen teña que poñer a cara diante dos veciños para recadar isto, que van ter que dicirlle a Augaservi o que ten que cobrar. Segue a dicir que despois o alcalde co diñeiro que recada para a Xunta de Galicia terá que reintegralo á Xunta de Galicia, e esta non ten compromiso algún de revertir o recadado en mellorar a rede de augas de Cambre, non ten legalmente ningún compromiso. Co cal, están a pagar non se sabe moi ben por que, nin para quen, e por todo iso sosteñen que este é o momento en que o Sr. alcalde debe dicir se está a prol deste canon ou ben está a prol de defender os intereses dos veciños, que van sufrir unha repercusión nos seus recibos da auga importante.

Segue dicindo que todo iso non acaba aí, porque cando comece a funcionar a depuradora de Bens tamén haberá que pagar, e que todos van ver onde vai subir o recibo da auga.

Engade que isto non é un capricho, que se el se está a dirixir como voceiro do grupo municipal socialista ao Sr. alcalde, é precisamente en demanda de que atenda os lexítimos intereses de toda a veciñanza. Xa sabe que esa é a vontade do Sr. alcalde, pero isto é un tema especialmente sangrante, e por iso reitera a súa petición, quere que o alcalde se dirixa ao presidente da Xunta, que lle diga que queren manter unha reunión con el, e a ver se os recibe e lle poden expoñer de viva voz cales son as súas pretensións, porque reitera que isto é inxusto e desproporcionado.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández, voceiro suplente de UxC, manifesta que como eles non teñen representación autonómica, e aínda que só sexa por eles, e por solucionar este problema, se non ten inconveniente pídelle ao Sr. alcalde que faga a solicitude ao presidente da Xunta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que se o propio alcalde di que vai aceptar o punto da moción, el ten pouco máis que dicir. Por outra parte, o que si quere salientar é que os problemas fórmulanse no concello, ante o alcalde e o equipo de goberno, porque todos saben que é a administración máis cercana á cidadanía, e hai que presentarlle ese tipo de iniciativas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que queda recollida a petición de don Augusto Rey Moreno, e pasaralle o escrito ao Sr. presidente da Xunta para pedirlle unha cita.

## **8º Informes da Alcaldía**

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

-Da Resolución da Alcaldía núm. 758, do día 31 de maio de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 31 de maio de 2012 ata o día 8 de xuño de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.

- Do escrito procedente do Tribunal Constitucional, onde acusan recibo da documentación enviada con data de 12 de marzo de 2012, respecto da moción conxunta aprobada no pleno ordinario de data 23 de febreiro de 2012, a prol da garda e custodia compartida.



-Do correo electrónico remitido pola Fundación Miguel Angel Blanco, o día 15 de xuño de 2012, agradecendo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, respecto da realización dunha homenaxe o vindeiro 13 de xullo en favor das vítimas do terrorismo.

- Da Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo núm. 791, de data 7 de xuño de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2011 da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	16.678.230,55
Modificacións	4.762.882,03
Créditos definitivos	21.441.112,58
Gastos comprometidos	15.739.557,63
Obrigas recoñecidas netas	14.673.819,63
Pagamentos	12.503.115,20
Obrigas pendentes de pago a 31/12	2.170.704,43
Remanentes de crédito	6.767.292,95

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	16.678.230,55
Modificacións	5.203.260,76
Previsións definitivas	21.881.491,31
Dereitos recoñecidos	15.132.072,47
Dereitos anulados	153.576,49
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	14.978.495,98
Recadación neta	13.126.079,36
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	1.852.416,62
Exceso de previsión	6.902.995,33

Outros datos resumo de especial interese:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 2.105.256,92 euros
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 1.507.220,91 euros
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 232.659,58 euros
- remanente de tesourería total, 828.702,19 euros
- exceso de financiamento afectado, 859.209,54 euros
- remanente de tesourería para gastos xerais, 120.568,81 euros
- capacidade de financiamento, 189.354,93 euros
- aforro neto, 613.383,16 euros

Segundo: Remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2011 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remisión que se realizará unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación disponible no portal da Xunta de Galicia [www.eidolocal.com](http://www.eidolocal.com), e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas mediante a súa rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Dirección Xeral de Coordinación Financiera coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Terceiro: Comunicar a resolución ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

-Do escrito da Dirección Xeral de Administración Local, Concellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistrado de entrada ao núm. 8109 o día 15 de xuño de 2012, no que se dan por informados da tramitación do expediente de cesión de uso á Cruz Vermella dun local municipal situado na urbanización de A Barcala, e dado que o expediente de referencia non excede en valor do 25% dos recursos ordinarios do orzamento anual da Corporación, manifestan a innecesiedade de autorización

## **9º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 8880 o día 23 de xuño de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º A estrada provincial CP-1707, que dende a Gándara sube por Armental, ata a confluencia coa AC-214, nas Pereiras, carece de beirarrúas e as cunetas directamente non existen, o que produce aos peóns que por alí transitan, serios riscos de ser atropelados.

Por todo o anterior:

Solicitamos se requira da Deputación provincial, organismo responsable do citado vial, para que leve a cabo a redacción do proxecto, e conseguinte execución, das obras precisas para a construción de beirarrúas no citado vial.

O Sr. alcalde contesta que están de acordo e que solicitarán á Deputación ese traballo.

2º A principios deste mes asistíamos ao desafiuzamento dun pai e o seu fillo dunha vivenda, situada na parroquia de San Lourenzo. Desgrazadamente é moi frecuente que situacións como esta se produzan ultimamente no noso concello. Por iso faise necesario que por parte do goberno municipal se adopten medidas para que, se non impedir, polo menos minimizar os efectos deste tipo de situacións.

Por todo o anterior:

Solicitamos se cree un servizo de información, asesoramento e asistencia xurídica ás familias que estean en perigo de sufrir este problema e, así mesmo, se exclúan da contratación municipal de servizos financeiros a todas aquelas entidades crediticias que leven a cabo desafiuzamentos de veciños de Cambre, por execución de créditos hipotecarios impagados.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que, en canto á primeira parte do rogo, non fai falta crealo porque en Servizos Sociais, co Consorcio das Mariñas, xa existe ese servizo, de feito, cando Servizos Sociais ten coñecemento de casos como eses, remíteselle aos servizos xurídicos do Consorcio das Mariñas para ese particular. Polo tanto di que non hai problema na primeira parte porque xa existe.

En canto á segunda parte, di que non poden estar de acordo porque esa medida é ilegal.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, explica que o espírito deste rogo é dar amparo legal ás familias que o estean perdendo todo, e que é evidente que cando se asiste a esforzos, neste caso do Goberno da nación, por rescatar ás entidades de crédito, non deixa de ser preocupante que esas familias asistan perplexas a esta situación. Di que el cre que a Administración máis cercana á cidadanía está para atender as necesidades da veciñanza, e que o que pide é un xesto, un xesto fóra das connotacións legais das que se falou.

Don Felipe Andreu Barallobre expresa que solidariedade por suposto, toda a que poidan, pero sempre dentro da lei.

3º É demanda reiterada dos veciños de Lema que se mellore a ordenación do tráfico na confluencia das estradas provinciais CP-1704, de Cambre a Carral, e CP-0102, de Lema a Bribes, no lugar do cruceiro de Lema. Na actualidade a sinalización horizontal e vertical existente impide unha serie de manobras habituais e necesarias para os residentes na zona. Este problema ten solución construindo unha glorieta na citada confluencia.

Por todo o anterior:

Solicitamos se inste á Deputación provincial, titular de ambos viais, á construción dunha glorieta na confluencia da CP-1704 e a CP-0102, no punto anteriormente sinalado.

Don Manuel Marante Gómez, concellerio de Obras e Servizos, explica que esa glorieta xa se pediu dende fai anos, en varias ocasións e reiteradamente, e a consideración que se tiña era que non era necesaria, porque non había cartos, etc. Agora, reiterarán outra vez a mesma proposta, a ver se iso cambia.

Antes de dar paso aos rogos presentados por EU para este pleno, don José Antonio Orosa Fernández, voceiro suplente de UxC, lembra que no último pleno, pola ausencia de don Felipe Andreu Barallobre, deixáronse sen contestar dúas preguntas do seu grupo, e pregunta se procede facelas agora, xa que quedaran en contestar por escrito, pero non se fixo. Engade que as preguntas son faciliñas e refírense a cando teñen pensado pór en funcionamento o servizo de atención á veciñanza.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que ten pensado facelo antes de que finalice este mesmo ano.

A continuación, don José Antonio Orosa Fernández pregunta cando teñen pensado sacar a contratación o servizo de augas, e engade se será antes de que finalice este século.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que esa é unha cuestión bastante máis complexa, porque están a falar dun dos contratos máis importantes do concello, e teñen un problema que é obvio, e que consiste en que ese contrato está vencido dende hai bastante tempo e teñen que buscarlle unha solución.

Di que dende que chegaron ao concello están a buscar de forma incesante unha solución, e agora mesmo a última decisión que lle encomendou o Sr. alcalde foi sondear o mercado para ver que lles pode ofrecer a iniciativa privada, pero iso sen olvidar que tamén existen fórmulas de consorcio, nas que non só se depende da vontade do Concello de Cambre. Todo iso é o que se está a estudar.

Conclúe dicindo que cando teñan noticias da decisión que poida tomar o goberno, e se a decisión é apostar por unha solución de consorcio con outras administracións locais, comunicaranlla ao resto dos grupos, porque deberían intentar chegar a un acordo e a un consenso neste asunto.

Don José Antonio Orosa Fernández pregunta se llelo comunicará antes de tomar a decisión.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que, se non se equivoca, é unha cuestión que vai ter que ir ao Pleno.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 8868 o día 22 de xuño de 2012, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que van retirar o primeiro rogo, posto que xa teñen coñecemento de que esta reparación, despois das denuncias feitas polo seu grupo municipal e de denuncialo no pleno, foi realizada esta mesma semana.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, di que os veciños lle comentaron este tema na churrascada que se fixo hai oito días en Andeiro, pero que ata o momento non lle deu tempo a reparala, que está previsto que se repare para a semana que vén. Explica que salvo que o reparase algún veciño, eles teñen programado reparar a ponte a semana que vén.

Don Luis Miguel Taibo Casás, di que todo pode deberse a unha confusión dos propios veciños que os informaron ao ver a furgoneta de obras. Engade que se non está reparada, por favor se sinalice, porque é un risco importante.

A continuación, tal e como se acordou no punto da orde do día relativo ás mocións, trátase como un rogo o escrito presentado como moción polo grupo de EU, que foi rexistrado de entrada ao núm. 8868 o día 22 de xuño de 2012, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno.

### **Moción do grupo municipal de Esquerda Unida, sobre a realización dun censo de bens a nome da Igrexa Católica en Cambre**

“O déficit que España ten e a caída da actividade económica, é consecuencia dunha inadecuada xestión das institucións públicas, do espolio desenvolvido polos mercados, os especuladores e os bancos, da permisividade para a circulación de diñeiro negro e pola enorme fraude fiscal existente, todo iso recae, exclusivamente, sobre as costas da cidadanía, que sofre: un agonístico paro, co aumento da pobreza, un perigoso recorte de innumerables e básicos dereitos sociais, o aumento do IRPF, xunto á baixada unilateral dos salarios e o aumento de diversos impostos, incluído o imposto de bens inmobles (IBI).

Que o R.D.L. 20 de 30/12/11, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, insta ás corporacións locais a unha subida do IBI de entre o 4 e o 100%.

Esta irregular situación, agrávase coas exencións fiscais das que gozan diversas entidades, en especial a Igrexa católica (que é a maior posuidora de bens inmobles) e outras confesións.

O pasado 2 de marzo o grupo parlamentario de Esquerda Unida no Congreso dos Deputados fixo unha serie de preguntas nas que, entre outros puntos concretos, interrogaba ao Goberno do PP se tiña previsto seguir o exemplo de Italia, onde recentemente se acordou que a Igrexa pague o IBI polos seus bens inmobles. Tamén nos interesamos polas medidas do Goberno para terminar cos privilexios fiscais inxustificadas, seguindo a orientación da Comisión Europea.

A resposta escrita do Goberno do PP foi: “tales bens estarán inscritos a prol da entidade católica que corresponda e serán os concellos os que deben xirar o correspondente imposto e a Igrexa xustificar, no seu caso, a exención correspondente”.

A fraude fiscal e a exención de impostos como o do IBI e outros, grava enormemente ás nosas arcas municipais, feito que consideramos enormemente inxusto.

Por iso o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que se faga un censo, no Concello de Cambre, dos bens inmobles rústicos e urbanos que están censados e rexistrados a nome da Igrexa Católica e doutras confesións relixiosas, así como das súas entidades e asociacións aíns.

Segundo: Que no caso de que no noso Concello se estea aplicando algún tipo de coeficiente redutor da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos á Igrexa Católica, sexa informada esta Corporación Municipal.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que, en canto á primeira parte, á maior brevidade posible solicitarán tanto ao Catastro como á Deputación que lles faciliten, se o poden facer, os datos que lles están a pedir, e, en canto teñan a contestación faranllela chegar.

En canto ao segundo punto di que non poden aplicar ningún coeficiente redutor porque a normativa non o prevé.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que quere facer unha puntualización de por que presentaron este rogo en forma de moción. Explica que foi basicamente porque no pleno pasado a concelleira de Economía e Facenda desestimou esta solicitude como rogo, algo que hoxe don Felipe Andreu Barallobre está a estimar, e que non é por motivos técnicos senón por opinións persoais dicindo que era unha tontería, e cita literalmente o que dixo a concelleira: “unha tontería perder o tempo e recursos nesta solicitude”.

Continúa a dicir que hoxe o voceiro do grupo a acepta, polo que lles pide que se poñan de acordo. Engade que un órgano como é o pleno, do que todos forman parte, ten que ser serio e profesional, dúas palabras que di que se levan dicindo ao largo deste pleno e desta lexislatura. Cualificar como tontería unha iniciativa dun grupo, do que sexa, e pola casuística que sexa, nin é serio nin é profesional.

Reitera que o trouxeron como moción simplemente por escalar un escalón, valga a redundancia, e explica que se a concelleira non quere facer o seu traballo, hai un órgano superior a ela, que é o pleno da Corporación.

Conclúe dicindo que eles xa sabían que como moción se podería aprobar ou non, pero que en ningún caso o pleno desta Corporación ía tratar a iniciativa como unha tontería. Agradece ao voceiro do PP a súa consideración con respecto ao primeiro dos puntos, tamén lle agradece a información respecto do segundo.

2º En varias ocasións o grupo municipal de EU denunciou o sistema de protección existente na praza Manuel Lugrís. Os sistemas de protección para evitar caídas neste recinto son uns soportes metálicos verticais onde están ancorados uns perigosos cables de aceiro que poñen en risco a integridade física dos nenos e nenas que frecuentan e xogan na dita praza.

Non estamos ante un posible problema, estamos ante un problema real, que ten provocado cortes e feridas. Ademais deste feito non podemos esquecer a inutilidade total deste sistema de protección, para evitar as posibles caídas dende alturas que superan nalgún lugar os dous metros.

Por todo isto o noso grupo prega que coa máxima urxencia, se elimine o dito sistema de protección, instalando outro máis axeitado de acordo coa normativa vixente para este tipo de instalacións, do mesmo xeito, se adopten as medidas tecnicamente necesarias para que temporalmente poidamos garantir a total seguridade das persoas, sobre todo dos nenos/as.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que está pedido un orzamento para cambiar o valo, e que ese orzamento vaise case aos corenta mil euros cun valo de aceiro inoxidable, por iso están barallando outras posibilidades, e incluso a posibilidade de encargar o que é o material e facer a obra coa xente que lles vaia do INEM.

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU, solicita que se estime a posibilidade de sinalizalo mentres tanto, xa que ao seu xuízo é moi perigoso, ou incluso acotalo.

3º Cando se construíu o encoro de Cecebre, expropiáronse terreos no noso termo municipal para a construción do encoro. O noso grupo municipal xa ten preguntado o goberno do concello se por parte de EMALCSA se recibía algunha compensación económica, correspondente as propiedades expropiadas.

Pregamos nos informen das xestións realizadas ante a Deputación Provincial para esixir ao Concello da Coruña o pago do mencionado imposto.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que mañá mesmo lle pode escanear un informe que lle pasaron hoxe a última hora da mañá, onde está moi explicado este asunto, e que se o queren os demais grupos tampouco hai problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dálle as grazas, que mañá eles terán o informe e van saber do tema, pero que no salón hai xente á que tamén lle gustaría coñecer da xestión que se fixo ante a Deputación Provincial para que o Concello da Coruña aboe o IBI da présa de Cecebre. Di que eles estiman que deben ser uns corenta mil euros, que é unha cantidade bastante substancial, e que as arcas do concello non

están dispostas a prescindir dese diñeiro. Polo tanto, pídelles que se lle pode facer unha memoria que llo agradecería.

Don Felipe Andreu Barallobre explica que o informe é de data de 2010, el non o lembra exactamente pero parécelle que eles tamén presentarán algunha moción e rogo na pasada lexislatura, e engade que sabe que o grupo de EU tamén presentou algo na pasada lexislatura.

Continúa a dicir que o informe explica que, efectivamente, debería existir unha débeda tributaria a prol do Concello de Cambre, e di que cre que non queda demasiado claro que os servizos tributarios da Deputación teñan exactamente a mesma opinión que teñen os técnicos do concello. Expón que iso é máis ou menos o que di o informe por enriba, que el lles vai pasar unha copia, que a lean, e que ao mellor teñen que tomar unha decisión en conxunto para presionar.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que se queda co último, que tamén pensa que deben tomar unha decisión en conxunto, e dicirlle á Deputación, que é a encargada de recadar os impostos deste concello, que tome algunha medida un pouco máis contundente porque hai unha sentenza do Tribunal Superior de Galicia a prol do concello de Abegondo por un tema que é exactamente igual, onde teñen que pagar tamén cincuenta e cinco mil euros. Reitera, como dicía anteriormente, que Cambre non se pode permitir deixar de ingresar corenta mil euros que lle deben.

### **Rogos do BNG presentados por escrito**

Rexistrado de entrada ao núm. 8925 o día 25 de xuño de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Rogo pola recuperación da ría do Burgo como fonte xeradora de riqueza

A ría do Burgo, baña os municipios de Cambre, Oleiros, Culleredo e A Coruña. Está declarada como unha das máis contaminadas de Europa e os veciños do Graxal levamos moito tempo con promesas de investimentos para a súa rexeneración.

Durante os últimos anos, veciños, mariscadores e a Plataforma para a Defensa da ría do Burgo, vimos reivindicando solucións e investimentos ante a grave deterioración que sofre. Os avances na recuperación medioambiental foron escasos e os episodios de contaminación das súas augas repítense con demasiada frecuencia, incumprindo as directivas europeas sobre o tratamento de augas residuais urbanas e sobre a calidade das augas esixidas para a cría de moluscos.

Ano tras ano, son moitas as promesas e moitos os incumprimentos. Comprobamos como a falta de entendemento entre as distintas administracións implicadas (Estado, Xunta e concellos) e o desinterese por coordinar actuacións conxuntas, súmase á



ausencia de investimentos para levar a cabo actuacións aprobadas que nunca se executaron.

A nosa ría debe ser un elemento dinamizador da economía da comarca no actual contexto de crise, para o cal debe conservar o seu patrimonio medioambiental e cultural e debe ser unha fonte xeradora de riqueza e servir como motor para a reactivación económica pola súa capacidade xeradora de emprego.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Solicitamos un calendario de actuación (fixando prazos reais) e investimentos (BOE, DOGA), das diferentes administracións implicadas na xestión da ría para levar a cabo as actuacións pertinentes e proceder o seu dragado, tratamento, limpeza de lodos e todas as accións para o saneamento integral.

Segundo: Solicitar dos concellos que conforman a ría, un plan de dinamización turística para promover a aparición de actividades produtivas que contribúan a xerar riqueza e emprego (potenciar os recursos naturais, culturais e etnográficos da ría do Burgo).

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, expresa que todos deberían de estar de acordo con esta cuestión, en particular eles que o senten, e de feito, o PP de Cambre forma parte da Plataforma de Defensa da ría do Burgo dende hai moitos anos.

Di que o único que lles pediría, en vez de solicitar dos concellos que conforman a ría, solicitarllo directamente ao Consorcio das Mariñas, que é quen está facendo todos estes plans de dinamización turística, entón en vez de facer a solicitude a todos e cada un dos concellos facelo directamente no Consorcio das Mariñas.

Dona María Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, responde que está de acordo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que con respecto ao que se está a dicir sobre o Consorcio das Mariñas, di que o seu grupo xa presentara unha iniciativa onde se instaba tamén ao Consorcio das Mariñas, polo tanto, ese trámite xa está feito.

Conclúe dicindo respecto da Plataforma, que el se alegra de que estean na Plataforma, pero que máis lle alegraría se asistiran ás reunións.

### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 8880 o día 23 de xuño de 2012, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, explica que a primeira pregunta que formula o seu grupo vén dada porque con data do 1 de xuño presentaron por rexistro unha solicitude para ver todo o expediente referente ao evento Brincadeira-Rock in Cambre do ano 2012.

1ª A pouco máis dun mes para a celebración do festival Brincadeira-Rock in Cambre e ante a falta de información sobre as iniciativas que o goberno municipal está a poñer ou ten previsto poñer en marcha para recuperar o importante gasto comprometido nos orzamentos municipais para a celebración do devandito evento é polo que o noso grupo pregunta:

Como se vai a recuperar o diñeiro que o noso concello ten comprometido respecto da organización do festival Brincadeira?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que quere asumir persoalmente a responsabilidade de non facilitarlles a información, non só ao PSdeG-PSOE, senón a todos os grupos, pois case todos solicitaron unha copia do convenio.

Expón que, se prestaron atención mentres a Sra. secretaria leu o apartado de Informes da Alcaldía, puideron comprobar que el estivo ausente no momento en que se fixeron todas esas solicitudes, unha semana por enfermidade e outra por unha viaxe institucional, e que o certo é que foi a raíz de ler a pregunta cando se percatou de que tiña todas as solicitudes.

Conclúe dicindo que a vindeira semana facilitaralles a todos unha copia do convenio, no que veñen detallados cales van ser os mecanismos para que o Concello de Cambre recupere o investimento que vai facer neste evento.

Don José Manuel Lemos Seoane admite o que o Sr. Andreu Barallobre está a dicir sobre o seu compromiso de entregarlles a todos os grupos o informe, pero cre que é importante que con premura se aclare o asunto, porque explica que existe unha alarma social bastante grande, xerada entre os veciños, en vista de que xa se comezou a limpeza e roza, que se fixo en terreos privados. Engade que están a tratar de saber canto diñeiro de todos os veciños se está a gastar en propiedades particulares e como se vai rexenerar iso.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que os veciños cederon voluntaria e gratuitamente todo o uso dos terreos, tanto para isto como para as festas, se non está equivocado, xa que con toda probabilidade o Campo da Feira estará en obras durante o momento en que teñen que celebrar as festas. Explica que se fixo esta xestión, non só para o festival, senón tamén para a realización das festas, e que eles o compromiso que teñen de investimento co festival é achegar unha terceira parte dos gastos de organización, así mesmo, teñen previsto o retorno dunha terceira parte de todos os ingresos.

Segue a dicir que xa o poderán ver no convenio, pero que o primeiro en recuperar o diñeiro unha vez feitos os ingresos, será o concello, e unha vez que o concello salde o investimento que faga, o recuperarán os organizadores.

2ª Finalmente, a principios do presente mes de xuño, deron comezo as obras de restauración do edificio Vila Concepción, futura sede da casa da cultura do concello, logo dun procedemento de adxudicación no que os integrantes do equipo de goberno na mesa de contratación non respaldaron a proposta presentada, amparada nos informes técnicos emitidos, resultantes da avaliación das propostas presentadas. Ante o desconcerto que moitos veciños nos fan chegar sobre este feito, o noso grupo pregunta:

Cal é a motivación da oposición por parte dos integrantes do equipo de goberno na mesa de contratación, aos informes que avaliaban, técnica e economicamente, á empresa que resultou adxudicataria da obra?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que este tema xa se explicou publicamente ao día seguinte da citada mesa de contratación. Houbo chamadas da prensa, que tivo coñecemento do asunto, e eles xa o explicaron e di que non hai ningún problema.

Continúa explicando que, ao mellor, teñen que engadir unha parte que posiblemente o resto da Corporación non coñeza, que é que a elaboración dese informe polo Comité de Valoración que tiña que facelo, non foi pacífico, chegouse a un acordo pero houbo un debate que levou bastante tempo. Explica que iso foi normal porque o prezo de licitación era dun millón trescentos mil euros aproximadamente, e o prezo de adxudicación foi dun millón de euros, o que quere dicir que hai unha baixa de trescentos mil euros, uns cincuenta millóns das antigas pesetas, e di que eles tiñan serias dúbidas de que ante esta baixa, e dada a entidade da obra, a empresa puidera ser capaz de cumprir.

Continúa a dicir que agora están confiados porque nas últimas semanas viron que as obras están a avanzar a bo ritmo e que se están a cumprir os prazos, pero segue a explicar que no momento en que eles tiñan que valorar sobre o papel as ofertas e decidir o seu voto, xa que nas mesas de contratación non cabe a abstención, preferiron non arriscar e ir ao seguro. Expón que se eles teñen dúbida de que unha obra se poida facer cunha cantidade, prefiren votar que non e ir ao seguro, que é adxudicar por un prezo un pouco superior.

Segue a explicar que prefiren que a obra se faga en condicións, e non, por aforrarse uns diñeiros, dos que o setenta por cento están financiados pola Unión Europea, se poidan quedar sen unha obra enteira ou cun problema importante que é non poder xustificar a finalización da obra.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, efectivamente, hai unha rebaixa substancial respecto do prezo de licitación, como en tantos outros

procedementos e en tantas outras obras que se adxudican. Quere lembrar, porque pode que tampouco sexa algo coñecido a nivel xeral, que o resultado dese prezo é unha rebaixa da media aritmética de todas as ofertas presentadas, e di que a redución que nese momento se considerou como baixa temeraria foi xustificada plenamente. Todos os informes económicos e técnicos o avaliaban, e era de seis mil euros, e seis mil euros nun millón de euros parécelle unha cifra realmente insignificante.

3ª Un dos proxectos máis importantes recollidos polo equipo de goberno no documento orzamentario era a posta en marcha dun “Plan de axudas para emprendedores”, para o cal tíñanse consignados 60.000 €. Sendo esta unha iniciativa de grande interese destinada a promover o desenvolvemento de proxectos de autoemprego ou de pequenas empresas, este grupo descoñece as razóns polas que, ata o de agora, transcorridos cinco meses dende a aprobación dos orzamentos municipais, non se ten coñecemento de que se teña posto en marcha.

Por todo o anterior, este grupo pregunta:

Cales son as razóns de que o Plan de axudas pa emprendedores non se estea executando?

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, explica que para ser beneficiarios das cotas da axuda é necesario presentar o documento xustificativo de ter aboados os primeiros seis meses da cota de traballadores autónomos, é dicir, dende xaneiro ata xuño, co cal cumpríriase agora o prazo establecido. Di que as bases están aí feitas, que as levarán ao próximo pleno para a súa aprobación, e que contemplan unha partida de sesenta mil euros en concorrencia non competitiva. O programa está vixente, a partida é a mesma, e vaise a executar en prazo, posto que as bases xa están feitas, e dende que se aproben comezarán a pedirse as axudas.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 8868 o día 22 de xuño de 2012, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno.

1ª O grupo municipal de EU ten presentado varias iniciativas a prol do transporte público no noso concello e no conxunto da área metropolitana. Tamén os distintos gobernos de Cambre téñense manifestado a prol do tren de proximidade, e pola creación de infraestruturas para potenciar o servizo.

Por isto preguntamos:

Que xestións ten realizado o goberno local ante ADIF, e o propio goberno do Estado, para potenciar o ferrocarril de proximidade e a construción dun apeadeiro nas cercanías da urbanización da Barcala?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que dende que está o novo goberno non se solicitou ningunha entrevista formal, pero que dende hai bastante tempo, tanto o alcalde como o resto de concelleiros do seu grupo, cando teñen oportunidade, transmiten aos seus deputados esta preocupación. Recentemente pedíronlles que, á súa vez, o transmitiran no Congreso dos Deputados e ao Goberno Central, que no Concello de Cambre están de acordo e apostan polo tren de proximidade e, por suposto, pola instalación dun apeadeiro na Barcala. Di que, de feito, non son o único partido que inclúe a construción ou aposta pola construción dun apeadeiro na Barcala dentro do seu programa electoral.

Continúa a dicir que o compromiso do goberno municipal é evidente, e reitera que nos seis meses que levan non se solicitou ningunha reunión formal para tratar este asunto, pero que cada vez que tiveron a oportunidade de tratar este asunto cos deputados do seu partido, que son tamén os deputados do partido do goberno, manifestáronlle a súa preocupación por este asunto.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que eles trouxeron unha iniciativa ao pleno, non hai moito tempo, para que se fixeran unha serie de xestións, para que o goberno municipal instara ao Goberno Central a que constrúa un apeadeiro na Barcala, e contestouselles que se ían facer esas xestións e, ademais, que se ía tratar de xestionar o tren de proximidade. Continúa a dicir que eles non teñen coñecemento de nada, non teñen coñecemento de que o Partido Popular de Cambre, o goberno de Cambre, instase aos seus ministros, ao seu goberno, ao seu grupo parlamentario, para que fixese algún tipo de interpelación, ou algunha iniciativa no Congreso. Engade que o que si lle pode dicir é que EU si que presentou unha iniciativa no Congreso e parécelle que o BNG tamén, e reitera que diso si que está seguro, pero do Partido Popular non teñen coñecemento de nada.

Conclúe reiterando que o goberno do concello no pleno anterior dixo que o ía facer, que o ía poñer en coñecemento dos seus deputados, do goberno e incluso, que ía formular o tren de proximidade.

2ª No pleno do pasado mes de decembro, tratamos sobre o problema das medicións das radiacións das antenas de telefonía móbil instaladas nun edificio da rúa Tapia. Tendo en conta a preocupación existente entre a cidadanía e transcorrido un tempo máis que prudencial para facilitarnos información sobre o tema.

O noso grupo pregunta unha vez máis se se ten realizado algún tipo de medición e comprobación sobre o nivel de emisións de radiacións emitidos polas ditas antenas. De ser afirmativo, cales foron os resultados?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que, segundo datos da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a sociedade da información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, os niveis de emisións para

as antenas sobre as cales se está a preguntar, terían un valor permitido de 1000 microvatios centímetro cadrado.

Polo tanto, di que para a antena de Vodafone os resultados máis desfavorables a tres metros dan un valor de 52,88 microvatios por centímetro cadrado, que estaría moi por debaixo do valor permitido, e para a antena de Telefónica é menor que 0,01 microvatios centímetro cadrado.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dálle as grazas á Sra. concelleira e di que lle gustaría que lles facilitase ese informe, e, sobre todo, que se faga público ante a incerteza que teñen os veciños do Temple sobre as radiacións que emiten esas antenas.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que non hai ningún problema, porque lles vai facilitar o informe e tamén un link onde se poden ver eses datos, xa que son públicos.

3ª Numerosos usuarios dos centros de saúde do Concello de Cambre teñen contactado con EU para manifestar o seu descontento e queixas polo servizo de cita previa recentemente implantado nos ditos centros. As queixas baséanse fundamentalmente no elevado custo que supón unha chamada a un servizo 902, así como polo molesto que resulta ir seleccionando as diferentes opcións do menú ata chegar a pedir a cita, algo que para moitas persoas supón unha obriga de desprazarse fisicamente ata o centro.

Con base no anteriormente exposto o noso grupo pregunta

Ten o goberno coñecemento desta situación e teñen previsto dar algunha solución alternativa para pedir cita previa?

Dona María Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que recentemente non recibiron no concello ningunha queixa sobre ese servizo. Si as recibiron ao comezo, cando o servizo entrou en funcionamento, pero actualmente non.

Continúa a dicir que chamaron ao centro de saúde para preguntar se estaban recibindo queixas, e contestaron que actualmente non se recibe queixa ningunha, pasoulles o mesmo que no concello, que ao comezo queixouse moita xente, pero que agora mesmo non figuraba alí ningunha queixa. Explica que, en todo caso, cando no seu momento pediron que non se puxera esa locución, contestáronlles que precisamente ese servizo se puxera para dar servizo as vinte e catro horas, pois antes moita xente chamaba e o teléfono comunicaba continuamente. Agora, polas mañás, a xente que está no centro colle o teléfono practicamente sempre. Se nalgún momento están ocupados ou o están as liñas, é cando salta a locución, pero as persoas tamén poden volver chamar máis tarde.

No que se refire á pregunta de se teñen previsto algunha solución para este tema, explica que polo menos a ela, non se lle ocorre ningunha, e que se dende EU teñen algunha proposta, e se pode levar a cabo, que non lle importaría facelo.

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que a primeira idea, xa que existe esta receptividade, é substituír o 902 por un 900. Explica que iso sería estupendo porque o 900 é gratuíto mentres que o 902 non. O 902 denomínase polo Sergas como Saúde en Liña e, en principio, estaba pensado para o desbordamento de chamadas, para que se nalgún momento determinado non se podían atender as chamadas, que o contestador fixera as veces de servizo de citas.

Segue a explicar que a parte encuberta é que o Sergas o que quixo facer con este servizo de citas foi privatizalo, pois quen o está xestionando é unha empresa privada, e quen está a pagalo é toda a xente que chama a un 902, a un custe que no é de chamada local e que non ten tarifa plana. Conclúe reiterando como idea, que establezan un 900, que é gratuíto.

Dona María Jesús González Roel acepta a proposta.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 8925 o día 25 de xuño de 2012, xunto coa moción/rogo presentado/a para este pleno.

1ª O goberno municipal négase a facilitar acceso a este grupo municipal á auditoría técnica da piscina municipal da Barcala realizada pola empresa Applus. Cando ten previsto o Sr. alcalde deixar de incumprir o ROM e facilitarlle á oposición a dita documentación? Que deficiencias se observan na instalación?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, di que se alegra de que o Sr. Carballada lle faga esta pregunta. Tal e como lle manifestou persoalmente a semana pasada, di que o informe está a ser avaliado polos técnicos municipais, e nada máis lonxe da intención do equipo de goberno que ocultarlle información á oposición.

Explica que, sinxelamente, é un informe que realizou Applus a petición de el mesmo, que actualmente está a ser avaliado polos técnicos municipais, e que no momento no que teña a resolución por parte deses técnicos, el persoalmente, transmitirállelo tanto o Sr. Carballada como ao resto dos voceiros.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, sinala que el non dubida da dilixencia do Sr. Caride á hora de abordar o asunto, sinxelamente quere dicir que é unha cuestión que excede en si a problemática do que poida ser a piscina da Barcala.

Expón que, segundo o Regulamento orgánico municipal todos os concelleiros teñen dereito a obter do alcalde ou da comisión de goberno cantos antecedentes, datos ou informacións consten nos servizos da Corporación. Explica que el non lle está pedindo un informe completo.

O Sr. alcalde toma a palabra para dicirlle a don Daniel Carballada Rodríguez que el vén o pleno a facer unha pregunta, non a facer un debate. Di que o concelleiro responsable da área xa contestou a pregunta, e que el non lle pode entregar un informe encargado polo concelleiro.

Don Daniel Carballada Rodríguez explica que el non está a pedir o informe.

O Sr. alcalde respóndelle que está a pedir o acceso a ese informe.

Don Daniel Carballada Rodríguez replica que el está a pedir o acceso a un documento que é unha auditoría técnica realizada pola empresa Applus, e que o fai ao abeiro do disposto no ROM.

O Sr. alcalde contesta que o Sr. concelleiro do BNG fixo unha pregunta no pleno, unha pregunta á que se lle contestou dicindo que o informe estase a avaliar polos técnicos municipais, e que cando estea avaliado se lle dará a cada un dos concelleiros. Pregunta se non está xa contestada a pregunta, e sinala que isto non é unha proposta de debate, que é unha pregunta.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que a pregunta sobre que deficiencias se observan na instalación non foi respondida.

O Sr. alcalde pregúntalle se fai unha pregunta ou dúas.

Don Daniel Carballada Rodríguez responde que que lle parece ao Sr. alcalde.

O Sr. alcalde contesta que está a facer dúas preguntas.

O concelleiro do BNG solicita que, se é tan amable, responda ás dúas preguntas.

O Sr. alcalde di que de acordo, e expón que el non é técnico, así que pediron un informe a unha empresa externa, ese informe entregouse aos técnicos, que son os que van avaliar se hai ou non deficiencias. Repite que el non é técnico, e que cando os técnicos municipais elaboren o informe, daralles os resultados do que fixo a empresa privada e do que fixeron os técnicos municipais, pero antes non poden adiantar os problemas, que é o que están tratando de facer.

Segue a explicar que el non lle nega información a ninguén, trátase dun informe que, loxicamente, teñen que avaliar os técnicos municipais, porque se non, o Sr. Carballada pode dicirlles que o informe está feito por unha empresa privada e non vale de nada. Reitera que o informe teñen que avalialo os técnicos municipais, que para iso son técnicos municipais. Finalmente di que a pregunta xa foi contestada, e o que teñen que facer agora é ir á segunda pregunta.



Don Daniel Carballada Rodríguez expón que manteñen a segunda pregunta aínda que a temática pode parecer similar á pregunta formulada por EU, xa que cando a formularon non tiñan revisado aínda a documentación presentada por EU.

2ª Nos últimos orzamentos xerais do Estado, o goberno do PP manifestouse en contra dunha emenda do BNG para construír un apeadeiro ferroviario na Barcala.

Recentemente e por iniciativa dos nacionalistas logrouse que o Ministerio de Fomento anunciase a creación dunha Xerencia de Proximidade en Galicia, que está a realizar os estudos previos para unha futura implantación do servizo.

Ten previsto o goberno municipal algún tipo de acción para garantir que se teña en conta a situación da Barcala á hora de planificar un servizo de proximidade na comarca da Coruña?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que é unha noticia que recentemente saíu na prensa e que non satisface a ningún dos partidos representados na Corporación, porque neste punto todos defenden o mesmo. Explica que, evidentemente, a primeira acción que deben tomar é sentarse entre todos os grupos e decidir que accións van levar a cabo en conxunto, porque o goberno non vai ir só neste tema cando todos os grupos, que poden facer moita máis presión, poden tomar decisións, medidas, ou tratar de presionar para que se faga o que eles creen que é de xustiza e o que é razoable para o Concello de Cambre e para a área metropolitana. Hai que defender este tema en conxunto.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia